

O proceso de venda de Alcoa á Sepi chega a un punto morto a falta de tres semanas

As negociacións entre Alcoa e a Sepi para a venda da planta de aluminio de Cerco chegaron a un punto morto tal e como confirmaron dende a Xunta de Galicia e o comité de empresa. A falta de tres semanas de que termine o prazo establecido para pechar a venda, parece que non se chega a un acordo. A posible falta de solvencia de Liberty parece ser unha das razóns pola que a venda, que comezou moi áxil, non avanza. O Goberno comprometeuse cos traballadores a manter reunións con todas as partes por separado para impulsar de novo a negociación antes da data límite. **Pax. 2**

Preparándose para o verán

Os concellos da Mariña, coa covid controlada polo momento, comezan obras de adecuación dos seus areas e programas culturais de cara ó verán



Os concellos da costa viviron a pasada Semana Santa como un ensaio de cara ao verán. A maior parte deles prepararon os seus areas e comezaron co deseño dunha programación de cara a relaxación de medidas prevista para o próximo mes. Malia que continúan coas recomendacións e que non se pode rebaixar a garda, aparecen xa programas e proxectos para retornar pouco a pouco á normalidade. Os datos da covid son positivos polo momento, con moitos dos concellos, en especial todos os do interior, sen casos covid, algúns dende hai varias semanas, seguindo a dinámica da provincia.

comarca. Queixas polo proxecto de estabilización da praia de Altar. **Pax. 3**

foz. O Concello presenta a súa nova imaxe corporativa. **Pax. 6**

viveiro. O Goberno local aproba o orzamento co apoio de Por Viveiro. **Pax. 9**

trabada. O Concello dará axudas a hostaleiros ata 3.500 euros. **Pax. 21**

cerco. Os comerciantes non pagarán taxas durante 6 meses. **Pax. 22**

mar. Piden unha solución para o porto Chico de Foz. **Pax. 26**

deportes. O Porta Norte asina a súa mellor marca nun Nacional. **Pax. 29**

Certame burelés de videoclips



Aberto a todos os centros de ensino de Galicia. **Pax. 10**

Lourenzo Fernández Prieto, académico



O ribadense substitúe a Luz Pozo Garza. **Pax. 13**

Entrevista a Juanma Marrube



Ex técnico do Pescados Rubén FS. **Pax. 28**

A Deputación aproba a distribución do Plan Único

O Pleno da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2021, e que suporán unha inxección

de preto de 24M€. Os municipios priorizan os investimentos (aos que dedicarán o 70% do total dos fondos), seguidos da creación de emprego, o SAF e as medidas contra o impacto da covid-19. **Pax. 25**

Esta primavera levas a fibra gratis ao contratar calquera liña móbil!

Fibra 1.000 Mb


Móbil 23 GB

Chama xa gratis ao 900 651 679
www.adamo.es



adamo
Fibra · Móbil · Fixo

A MARIÑA



A Mariña mantén a covid a raia con varios concellos sen casos

Malia que as cifras da presenza do virus mudan todos os días, A Mariña mantén un férreo control do virus con preto da metade dos concellos limpos de covid na última semana e co resto con casos residuais que deixan unha incidencia fóra do sistema de alerta que ten establecida a Xunta de Galicia.

Os datos son bos pero non se pode baixar a guardia tras un férreo control dos desprazamentos na Semana Santa onde o bo tempo trouxo turistas de novo ás costas de Lugo. Esta semana Galicia estrenará novas restricións.

As reunións de persoas non conviventes en domicilios volverán estar permitidas en Galicia a partir da madrugada do sábado 10 de abril.

Así o anunciou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña.

Deste xeito, poderán celebrarse reunións de non conviventes en domicilios ata un máximo de catro persoas e en exteriores, o máximo seguirá sendo de seis persoas.

O comité clínico que asesora á Xunta na xestión da pandemia da covid-19, acordou finalmente rebaxar o nivel alto de restricións para o Concello de O Saviñao e mantelo para Rábade e A Pobra de Brollón, causados por gromos localizados pero que elevan o índice ao ser zonas pouco poboadas.

Os casos activos na provincia seguen moi por debaixo dos 200 e a media de contraxios diarios non chega a 10.

Estancadas as negociacións para a venda de Alcoa á Sepi

As negociacións entre Alcoa e a Sepi para a venda da planta de aluminio de Cervo chegaron a un punto mortal e como confirmaron dende a Xunta de Galicia e o comité de empresa. A falta de tres semanas de que termine o prazo establecido para pechar a venda, parece que non se chega a un acordo. A posible falta de solvencia e Liberty parece ser unha das razóns pola que a venda, que comezou moi áxil, non avanza.

A xunta de traballadores informou de que o Goberno comprometeuse a manter en datas próximas dúas reunións, unha con Alcoa para desbloquear as condicións de compra pola Sepi e poder adecualas á lei, e outra con Liberty, para concretar a solvencia e estado financeiro do grupo.

Tras estas dúas reunións, manterase unha nova, a cal foi solicitada de maneira presencial en próximas datas, antes da multilateral.

O Goberno, di o comité, tamén comunicou que había varios potenciais compradores interesados "pero sen concretar si pertencen ao sector industrial". Os membros do comité solicitan á Sepi, Ministerio de Industria e Xunta de Galicia que se avance no proceso de venda, "asegurando a continuidade do complexo e o prazo establecido.

Así mesmo, solicitan ás administracións públicas que axilicen o proceso "xa que a cidadanía non entendería que foran os organismos públicos os que retrasaran a solución ao conflito e a saída da crise económica que a incertidume está a xerar na comarca".



Imaxe de arquivo da celebración da sentenza que negaba o Ere en Alcoa

XUNTA. O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, pediu a Alcoa e ao Goberno que dean a máxima axilidade posible ás negociacións en curso para pechar canto antes un acordo de venda da planta de San Cibrao. Así o manifestou logo de participar nunha reunión telemática co Executivo central, o comité de empresa e os sindicatos que, segundo dixo, concluíu "sen avances".

"Trasladamos ao Goberno a necesidade de dotar de axilidade este proceso de negociacións e de que haxa un compromiso de transparencia por parte de Alcoa e da Sepi para concretar un acordo de venda e tras-

ladar certeza aos traballadores antes do 30 de abril", que é cando finaliza o prazo establecido, asegurou Conde. Neste contexto, apelou ao diálogo e ao entendemento, e a traballar de forma conxunta para que a operación de venda da planta da Mariña conclúa coa mellor das noticias.

ALCOA. A empresa, pola súa conta, manifestou que continúa o seu plan de venda e de avance nas negociacións. Afirmou que está á espera da resposta do Goberno á folla de condicións xerais que presentou á Sepi para iniciar a negociación.

Insisten en que teñen o compromiso de negociar de boa fe a venda tal e como acordaron cos traballadores.








NUEVO MOBILIARIO Y DECORACIÓN PARA TU CASA Y JARDÍN

almayo

muebles

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954



Unha proposición non de lei demanda a mellora da fisioterapia na comarca

O BNG fixo unha demanda ao Parlamento galego na que pide unha mellora para o servizo de fisioterapia da comarca. O deputado nacionalista mariño Daniel Castro propón dotar de profesionais os centros de saúde de Ribadeo, Viveiro, Foz e Burela e aumentar o número de médicas rehabilitadoras no Hospital da Mariña.

“A situación da Sanidade Pública da Mariña continua a ser de extrema precariedade. A inmensa maioría dos servizos sanitarios presentan eivas tanto na cantidade de persoal como na cantidade de medios e o servizo de fisioterapia tamén está a sufrir estas eivas. Esta situación de precariedade é unha das máximas preocupacións da sociedade mariña” Neste sentido o deputado

sinala o feito de que o Hospital da Mariña conte só cunha médica rehabilitadora para perto de setenta mil habitantes. Así mesmo, afirma que “a ausencia de profesionais pode dicirse que está xeralizada na totalidade da comarca. Deste xeito observamos como tanto no concello de Viveiro e no de Ribadeo os seus centros de saúde non contan con servizo de fisioterapia na quenda de tarde. Alén de todo isto, temos tamén os exemplos de Foz e Mondoñedo que a día de hoxe non teñen garantido a atención fisioterápica nos seus centros de saúde nas quendas de mañá e de tarde”. Na proposición non de lei presentada no Parlamento o BNG demanda dotar cun ou cunha profesional da fisioterapia para as quendas de

tarde aos centros de saúde de Ribadeo e Viveiro, dotar así mesmo ao Centro de Saúde de Foz, unha vez exista o servizo de fisioterapia no concello de Mondoñedo, de un ou unha profesional da fisioterapia máis na quenda de mañá e de dous ou dúas na quenda de tarde.

Demanda tamén dotar ao centro de Saúde de Burela dos servizos de fisioterapia nas quendas de mañá e tarde, así como aumentar o número de médicos e médicas rehabilitadoras no Hospital da Mariña en Burela.

E piden tamén garantir que o servizo de fisioterapia respiratoria de atención temperá se poida realizar no propio Hospital da Mariña previa contratación doutro ou doutra profesional.

O programa Mil Ríos actuará nos lugueses Ulla, Eo, Landro e Sor

O curso fluvial do Sor, xunto aos dos ríos Ulla, Eo e Landro, son nos que se centrará o proxecto Mil Ríos, co obxectivo de poñer en valor o patrimonio natural dos ríos galegos grazas a un investimento de máis de 30 millóns de euros.

Esta iniciativa tradúcese en restaurar e mellorar máis de 300 quilómetros destes ríos, recuperando as poboacións de peixes, incrementando a biodiversidade e a conectividade ecolóxica; ao tempo que se mellora a adaptación dos ríos ao cambio climático e a resiliencia ás posibles catástrofes naturais.

O proxecto Mil Ríos ten catro eixes principais, como a eliminación e o control de especies exóticas invasoras, tanto de fauna coma de flora; e a recuperación e mellora de hábitats e especies, sobre todo das especies ameazadas.

Un terceiro obxectivo é o seguimento de peixes migradores así como a mellora das infraestruturas dos ecosistemas fluviais, grazas diferentes actuacións.

Carteiros rurais venderán material de correos e ampliarán servizos

Correos está a traballar para que os carteiros e carteiros rurais poidan ofrecer no domicilio moitos dos servizos que se prestan nas oficinas, grazas aos dispositivos electrónicos portátiles (PDAs) cos que conta o persoal de repartición. Para iso, Correos ampliou á provincia de Lugo un proxecto piloto polo que 212 carteiros e carteiros rurais poderán ofrecer no mesmo domicilio moitos dos servizos que ata o de agora só prestábanse nas oficinas ou na tenda en liña de Correos.

Os cidadáns atendidos polos servizos rurais de Correos poderán comprar no seu mesmo domicilio, aproveitando a visita diaria do carteiro, produtos postais básicos como blíster de selos, sobres prefranqueados e acolchados así como embalaxes de diferentes tamaños para acondicionar os seus paquetes e envíos utilizando a tarifa plana estándar de paquetería de Correos.

Tamén poderán realizar o pago de recibos de servizos como a luz, o gas ou o teléfono, con tarxeta bancaria a través da PDA dos carteiros.

Ademais, poderanse adquirir os distintivos ambientais da DXT que correspondan aos seus vehículos e ingresar diñeiro na súa conta bancaria a través do servizo Correos Cash. Como todos os servizos rurais de Lugo van provistos con PDAs que permiten a conexión aos sistemas de Correos e a cobranza de cantidades con tarxeta bancaria, os cidadáns só terán que pedir ao carteiro o produto ou servizo que lles interesa e completar a operación no seu propio domicilio, sen necesidade de ter que desprazarse á oficina postal.

Lugo é a segunda provincia de España na que Correos puxo en marcha este proxecto, tras o seu exitoso lanzamento na provincia de Xaén onde obtivo unha boa acollida por parte dos cidadáns do ámbito rural.



Queixas ante o proxecto para a praia de Altar

Diversos colectivos da Mariña e principalmente de Barreiros manifestaron o seu malestar polo proxecto de estabilización da praia de Altar e do seu estudo de impacto ambiental, que ten previsto realizar o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O proxecto, cun custe de 3,5 millóns de euros, pretende realizar unha dragaxe na zona interior da ría do Masma e depositar a area na praia de Altar. Para garantir a retención desta area, contéplase a construción dun espigón de 190 m de lonxitude e 7 m de altura de formigón armado cunhas enormes bancadas de granito que unan a praia coa illa que lle dá nome, que foi o que levantou as queixas de veciños e usuarios.

“Este proxecto vai realizar nunha contorna que forma parte dunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) da Rede Natura 2000 que traerá consecuencias impredecibles nas zonas de alimentación e cría de especies vulnerables. Do mesmo xeito, o espigón afectará á dinámica de correntes que previsiblemente se incrementarán na canle, co perigo que isto supón

para a navegación de recreo e posiblemente aumente a entrada de sedimentos no interior da ría, acelerando a súa colmatación”, afirma un grupo de veciños que veñen de abrir una folia de petición de firmas pública para impedir esta construción.

Engade este grupo que “a maiores, a alteración das dinámicas litorais como consecuencia do devandito espigón, podería dar lugar á desaparición da famosa onda de A Canle, na desembocadura da ría do Masma. Asegura o colectivo que a praia de Altar atópase na actualidade cunha gran cantidade de area, “polo que o proxecto en si carece de sentido e está desactualizado”. O proxecto contempla tamén a construción dunha escaleira de 2,10 metros de ancho que dará acceso ao areal desde o paseo marítimo. Apoiarase sobre unha soeira de formigón armado e a caixa escavarase sobre o terreo natural. Os banzos realizaranse in situ en formigón e recubriranse con granito natural.

O prazo de execución está fixado é de doce meses e o orzamento ascende a 3.563.752 euros.

ESTABLECIMIENTOS

REY

www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88
27870 Xove | Lugo
Tel. 982 592 006
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es
online

www.establecimientosrey.es



O PSOE acusa un novo caso de nepotismo no Agader

O portavoz de Medio Rural do Grupo Socialista, Martín Seco, anunciou unha ofensiva parlamentaria para que a Xunta dea conta do novo caso de nepotismo da Consellería de Medio Rural utilizando de novo o Agader. Se hai dúas semanas o sindicato CSIF desvelaba o nomeamento do ex parlamentario do PP Moisés Blanco como subdirector, desta volta é a quenda do ex alcalde de Fisterra, José Manuel Traba, como asesor.

O responsable socialista levará de novo á Cámara autonómica a situación do ente instrumental, que o conselleiro de Medio Rural está a converter nun "chiringuito para colocar aos seus compañeiros". Ademais, apunta que este nomeamento como asesor, ademais dunha práctica politicamente deleznable, resulta que legalmente "non está permitida", por canto as entidades públicas instrumentais non poden dispor de persoal eventual, segundo a Lei de Emprego Público.

Martín Seco censura que Medio Rural volva empregar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural –Agader– como mecanismo para situar a persoas sen cualificación profesional nin coñecemento do sector precisamente cando máis necesario é coa aplicación da próxima Lei de Recuperación da Terras. De novo, sinala, o PP quere utilizar un ente público para "colocar" a un ex alto cargo sen traballo coñecido "para consolidar a súa liberación no Concello".

O parlamentario socialista acusou ao goberno galego de "tomar á lixeira" os requisitos legais e éticos á hora de "colocar aos amigos" por segunda vez en apenas dúas semanas. Se no caso do ex parlamentario e flamante novo subdirector "amañaron" o proceso selectivo para adaptar o cargo ás características do aspirante e non ao revés, desta volta retorcen a legalidade para adaptala ás aspiracións laborais dun representante político.

Aportan solucións para o subministro de auga

Trala información aparecida acerca dunha débeda dos concellos de Cervo e Burela con Augas de Galicia, dende o BNG nos dous concellos queren aclarar que a débeda débese a unha denuncia feita por Augas de Galiza ó Consorcio da xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga de Burela e Cervo, do que o organismo autónomo da Xunta de Galiza participa.

"Xa nos chama a atención que unha entidade que participa no consorcio denuncie ó propio consorcio, pero é que faino por unhas obras das que a entidade autonómica foi ampliando o seu importe de xeito unilateral, sen contar cos concellos" sinalou Mario Pillado voceiro do BNG en Burela. Continuou Pillado dicindo que "chámanos tamén moito a atención que

se executaran obras por 8,5 millóns de euros e non se levara a cabo o dragado do Encoro de Rúa".

Para os nacionalistas, o dragado é fundamental posto que "cada vez que a auga presenta turbidez actívase o bombeo de auga do encoro de Río Cobo, motivo polo que en Cervo e Burela pagamos a auga mais cara de Galiza. Executando esta obra non sería necesario o bombeo e poderíase diminuílo prezo das taxas" explicou o voceiro de Cervo, Diego Fernández. Engade que "se o acordo coa consellería supón que as arcas municipais dos concellos non teñan que facer fronte á débeda logo non pode implicar un aumento nas taxas que pagan as veciñas e os veciños de Cervo e Burela, que xa son do máis abusivo".

A Xunta pedirá a aprobación do Plan de sustentabilidade turística

A Xunta solicitará á Secretaría de Estado de Turismo que teña en conta o Plan de Sustentabilidade Turística para A Mariña na convocatoria dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino do presente ano. A Xunta incluírá o proxecto na nova convocatoria se así o solicita a Mancomunidade de concellos da Mariña lucense. Nunha visita do vicepresidente primeiro a Xove, onde Turismo de Galicia investiu 30.000 euros na liña de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural, Alfonso Rueda recordou que tanto o plan da Mariña lucense como Ourense Termal foron os que obtiveron maior puntuación da Xunta de Galicia de entre os que non foron seleccionados polo Ministerio de Turismo na convocatoria do ano pasado. Pero tendo en conta a súa importancia para os mariñáns e que a propia Secretaría de Estado de Turismo manifestou o seu interese en apoialos, a Xunta solicitará de novo a súa aprobación, agardando que esta vez si sexan seleccionados. O plan ten en conta a importancia do potencial turístico da Mariña lucense e aposta pola súa transformación cun modelo máis competitivo, innovador e participativo. O obxectivo



Visita á área de autocaravanas de Xove

é reforzar a confianza do viaxeiro e fomentar a comarca como destino seguro tras o impacto da crise do coronavirus. O proxecto xustifícase na necesidade de poñer en valor os recursos das áreas rurais con potencial turístico e de atraer aos visitantes a un espazo que conta con todos os atractivos para a recuperación do sector logo da pandemia.

O Plan de sustentabilidade turística para a Mariña lucense conta cun investimento da Xunta de 1,3 millóns de euros para os vindeiros tres anos, que representa o 45% do orzamento total. O proxecto estaba incluído na proposta remitida ao Ministerio de

Turismo o ano pasado, e atopábase entre os catro con mellor puntuación, xunto con Ourense Termal e os dous aprobados polo Goberno central, que foron os de Santiago de Compostela e o da Ribeira Sacra.

Alfonso Rueda anunciou que a Xunta presentará de novo o plan nunha visita a Xove, onde a Xunta investiu 30.000 euros nunha nova área para autocaravanas, aparcamento e zonas verdes. Froito dun convenio entre o Concello de Xove e a Axencia Turismo de Galicia, este novo servizo creouse nunha parcela de algo máis de 6.000 metros cadrados na praia de Esteiro.

A mariñá Luisa Aguado inicia as presentacións do seu novo libro

A actriz e escritora galega afincada na Mariña Luisa Aguado iniciará esta semana en Lugo a presentación do seu poemario *Mi Capitana/Mis heroínas* nunha xira que a levará por diferentes vila da península ibérica e outros destinos internacionais.

A primeira cita será na capital luguesa, o día 15 de abril, xoves, no centro cultural do Vello Cárcere para continuar na casa museo Casares Quiroga, na Coruña, a finais de este mes. Pero Luisa Aguado fará tamén as súas presentacións na Mariña luguesa, pero nesta ocasión será de cara



A autora, cun exemplar do libro

ao verán. De feito, en Foz coincidirá coa celebración da feira do libro, entre o 16 e o 19 de agosto. Nos concellos de Mondoñedo, Burela e Viveiro tamén está prevista a presentación. Nelas está prevista a intervención da autora cun breve percorrido pola súa traxectoria profesional para pasar a continuación a explicar as motivacións que a levaron a facer esta obra. Finalmente, haberá un pequeno recital interpretativo dos poemas do libro, que irá acompañado dunha proxección de imaxes do fotógrafo Damian Varela.

2500 m²
a tu disposición

¿Qué harías con ellos?
Nosotros, reforestar.

Tenemos un bosque para ti.

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en ortegaloil.es

Ortegal Oil www.ortegaloil.es [Ortegaloil](https://www.facebook.com/Ortegaloil) 881 93 18 56 *Consulta con nuestro personal para conocer el servicio y condiciones de la campaña.

EL BOSQUE DE ORTEGAL OIL

A Mancomunidade publica unha guía de promoción da comarca

A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, co apoio de Turismo de Galicia, publica unha guía do xeodestino como ferramenta para promover os principais atractivos e produtos do territorio en coherencia coa estratexia de promoción e dinamización que a Mancomunidade fai da comarca no seu conxunto e en base ao turismo slow e sostible. A publicación denomínase A Mariña Lucense ao descuberto.

O ente supramunicipal acaba de facer pública unha guía do xeodestino que xurde seguindo os pasos da súa renovada web para aportar valor engadido aos visitantes da Mariña Lucense. En formato revista, amosa pinceladas de todas as posibilidades que ofrece o destino -coa opción de afondar en diversos aspectos a través de códigos QR e enlaces- e busca favorecer a calidade da experiencia turística e a permanencia do turista no territorio. Xurde tamén coma ferramenta práctica para as oficinas de turismo, aloxamentos turísticos e para reunións e contactos con turoperadores.

Vinteito páxinas Din A5 e papel reciclado, práctica e áxil, preséntase en versións dixital e impresa co mesmo contido e estrutura. Debido á situa-



Un momento da presentación da guía da Mancomunidade

ción derivada pola Covid19 a versión dixital gaña en importancia, contando cun apartado destacado na web do xeodestino e un perfil específico na aplicación online Issuu, que permite a visualización de revistas dixitais en gran calidade. Ademais, estase traballando en diferentes soportes para acceder á revista a través do seu código QR. Son 3.000 os exemplares editados en papel que se van distribuír entre as oficinas de turismo mariñás.

Os textos da guía foron redactados por Claudia del Pino, turismóloga, especialista en planificación territorial residente no territorio e a cartografía foi realizada por Samuel Nájera, doutor en Xeografía pola

Universidade Complutense de Madrid e Máster en dinámicas territoriais e desenvolvemento. O deseño e maquetación intenta transmitir unha imaxe de elegancia á vez que dinámica, propia da marca. É obra de Eva Veiga, graduada en Belas Artes e Máster en Dirección de Artes Plásticas. Deseñadora profesional e fotógrafa, residente en A Pontenova. As imaxes que amosan un destino máxico, diferente, tranquilo, diverso e atractivo, foron escollidas do banco de imaxes da Mancomunidade de Concellos da Mariña realizadas na ampla maioría polo fotógrafo profesional Antonio Paz, con colaboracións concretas doutras persoas e entidades.

Adamo instala internet de alta velocidade en Barreiros e Celeiro

Adamo suma e segue en Lugo. Así Barreiros e Celeiro contan na actualidade cun total de 5.800 fogares conectados mediante Internet de alta velocidade. En concreto, a empresa fornece a fibra óptica máis rápida que existe hoxe en día no mercado (1.000 Mbps) a 4.750 e a 1.050 vivendas no concello e na parroquia. Ese despregamento enmárcase nos movementos da compañía de telecomunicacións, que levará Internet de alta velocidade a 26.530 inmoables da provincia ao longo de 2021 e 2022. Sumadas ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará un total que pasa das 76.500 vivendas na súa rede da provincia nos próximos dous anos.

AXUDAS. Este crecemento apóiase, por unha banda, nas subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea (UE). En conxunto, Adamo resultou adxudicatario de 80 millóns de euros para dotar de fibra óptica a preto de 500.000 vivendas situadas en 20

provincias. Dese orzamento, máis de 5,8 millóns destinaranse á instalación desta infraestrutura en Lugo para facilitar, así, a comunicación dos xa citados 26.530 fogares. Este desenvolvemento inclúese nunha forte aposta do operador por Lugo, dado que engadiu á súa infraestrutura da internet de alta velocidade os concellos de Cervo, A Fonsagrada e Begonte ao longo do último trimestre de 2020.

Os tempos actuais -marcados pola pandemia- esixen ás compañías de telecomunicacións que sexan capaces de satisfacer a enorme demanda que existe de contar cunha conexión a Internet de calidade. Para iso, como xa se sinalou, Adamo ofrece a fibra óptica máis rápida do mercado (1.000 Mbps), que se traduce en poder teletraballar cunha conexión estable, manter videoconferencias sen cortes, estar máis preto dos familiares e amigos que viven lonxe, pasar citas médicas a distancia, comprar a través de Internet, ter a posibilidade de acceder a educación de forma remota ou ver series ou gozar de videoxogos en liña, entre outras opcións.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

ARR

*Hijos de
Ramón Rubal*

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS MADERA

PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

NOVAS

foz

O PP denuncia erros na accesibilidade das obras realizadas

O PP lamenta que o goberno de Foz rexeite deseñar un plan de accesibilidade, “para xustificar as obras en beirarrúas que non cumpren a normativa”. Fai estas afirmacións tralo voto en contra de socialistas e nacionalistas, no pleno do luns, ante a moción do PP para deseñar e executar en Foz un plan de accesibilidade, “unicamente por xustificar as chapuzas nas obras novas que están a facer”.

O concelleiro popular Juan Rivas explica: “O alcalde recoñeceu que as beirarrúas en Vilaxoane non cumpren o ancho mínimo, o que é inaceptable nunha obra nova que poñerá en risco especialmente ás persoas con mobilidade limitada, que atoparán trampas perigosas en itinerarios de recente construción”.

O mesmo representante popular sinala: “O mesmo pasa nas beirarrúas de Julia Minguillón, onde se deixou o que a xente xa tilda coma “foso dos leóns”, unha entrada a un garaxe que ocupa o ancho da beirarrúa e que necesitará de varandas para evitar caídas frontais; así as cousas, é preciso facer dous crebos de 90 grados para transitar recto”.

Nova imaxe corporativa

O Concello de Foz, seguindo co seu traballo de actualización, presentou a súa nova imaxe corporativa, que irá introducíndose en todas as súas comunicacións pouco a pouco.

O alcalde, Fran Cajoto, explicou que “esta imaxe, que pretende renovar, unificar e simplificar, consta dun logotipo que une os símbolos do municipio. O mar, os barcos e as árbores na terra, signos distintivos da historia focega forman parte deste novo logo. Todo cun pantone de tons granates, xa familiarizado con outras imaxes do concello. Ademais disto o número 9, que aglutina a todas as súas parroquias, está presente nos mastros do barco e nas copas das árbores”.

O rexedor municipal engadiu que “Foz mantén intacta a súa heráldica (isto é escudo e bandeira). É importante subliñar que isto é só un logotipo máis simplificado, para modernizar a imaxe e ter un manual de uso dela”.

As normas de uso desta nova imaxe recóllense nun manual de identidade corporativa, que estará a



Presentación da nova imaxe corporativa do Concello

disposición de toda a poboación na web municipal.

Cajoto comentou tamén que “é un primeiro paso para traballar con uniformidade, mentres se segue o proceso de creación do novo portal cidadán, a web para información e trámites co Concello, que en pouco estará activo e a disposición de todo o mundo, despois de tantos anos do actual, xa moi obsoleto”.

Para rematar o alcalde destacou

que “anos atrás o Concello de Foz xa creara unha marca, na que estaba presente o escudo. Agora esta imaxe actualízase, buscando unha percepción máis moderna dunha institución e un pobo con historia, preservando sempre a integridade existente nos símbolos do pobo, infundindo unha enerxía nova e actualizando a imaxe institucional do municipio. Foz seguirá traballando con paso firme na mellora continua”.

Rematan as Xornadas Gastronómicas con tres días dedicados á Horta da Mariña

A fin de semana do 16 ao 18 de abril celebrábase a última das Xornadas Gastronómicas organizadas polo Concello de Foz en colaboración con ACIA-CCA, como parte do programa de promoción das medidas de impulso á hostalaría.

Nesta ocasión estarán dedicadas á horta da Mariña.

Os gobernantes municipais destacan que “como aliciente para os clientes, haberá premios por un total de 2.000 euros en vales de compra. Todos os mércores en Radiofoz procédese ao sorteo de 10 vales de 50 euros cada un, que poderán ser canxeados nos establecementos e locais de hostalaría da nosa vila. O impacto económico destas xornadas estímase que triplique o investimento realizado e esperamos que constitúan un avance no programa de incentivos do Concello ao tecido produtivo e ao sector servizos”.

Tamén se potenciaron unhas Xornadas de Tardeo, con aperitivos, cócteles e copas; en Semana Santa fíxose a campaña de Comercio na Rúa, con animación musical e ruta das tapas.

O Bispo Santo recolle material para pedir ser Festa de Interese

A asociación cívico-cultural Bispo Santo está a reunir fotografías da celebración da romería co obxectivo de conter o material necesario para solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico.

A romería do Bispo Santo sumará este o segundo ano sen celebrarse pero os organizadores deste evento, que inclúe meriendas de familias e grupos de amigos e mesmo acampada, non queren deixar que quede no olvidada. Os documentos

que se buscan poden ser da caseta, da festa, da misa ou da procesión e non se fai un requerimento do ano. O obxectivo é conseguir ter representación gráfica de todo o percorrido histórico desta romería, que ten a súa data de celebración a mediados do mes de maio.

As persoas que teñan documentos dixitalizados poden mandalos a foz@merkecartuchos.net e os que as teñan en formato físico poden dixitalizalas en Merkecartuchos.

Reformas na praia da Rapadoira

O Concello de Foz renovou o merendeiro que hai nos xardíns da praia da Rapadoira, areal que foi limpadado para a Semana Santa. Fixéronse traballos para a renovación das mesas no merendeiro dos xardíns da Rapadoira despois de varios anos sufrindo un grave deterioro, con mesas e bancos rotos. Así mesmo, fíxose unha limpeza da praia da Rapadoira e a poda das árbores do paseo marítimo, “traballos que nunca se realizaran con tanta antelación polo que temos que felicitar ós operarios municipais polo seu esmero nesas labores”, di o alcalde.



As novas mesas e bancos do xardín da Rapadoira

MENÚ DIARIO
MENÚS ESPECIALES
PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

Rematan as beirarrúas nas curvas das cartoneras

O Concello de Foz rematou a construción dunha nova beirarrúa nas chamadas curvas das cartoneras, en Vilaxoane, dentro do plan municipal de mellora de accesibilidade que se está a executar e no que se inclúen actuacións como a nova rampla de acceso á residencia de maiores e a urbanización da rúa Julia Mingullón. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, destaca a utilidade da obra, que “vai supoñer unha mellora moi substancial na calidade de vida duns veciños que viven nunha zona moi perigosa. Ata o de agora supoñía un risco elevado unha acción sinxela do día a día como sacar o lixo. As curvas de Vilaxoane teñen unha elevada densidade de tráfico, pouca visibilidade e o ancho é escaso. É por iso que vimos moi necesaria a petición veciñal de executar na marxe esquerda de entrada a Foz unhas beirarrúas que permitan que veciñas e veciños accedan ás súas vivendas con seguridade. Aínda que as beirarrúas non teñen as dimensións que nos gustaría pola realidade da zona, a mellora é moi significativa”.



Arriba, as curvas das cartoneras e, abaixo, a fonte Conde Fontao

Ademais o rexedor focense informa que despois de Semana Santa comezarán os traballos de aglomerado, tanto na entrada de Vilaxoane como na de Marzán, “moi necesaria en puntos que teñen uns baches moi pronunciados. Aproveitaremos tamén para elevar pasos de peóns e deste xeito reducir a velocidade de vehículos nunhas zonas moi poboadas”. O financiamento destes traballos é con cargo ao Plan Único da Deputación de Lugo do ano 2020.

BANCO DAS MENTIRAS. Grazas ao traballo de operarios municipais, procedeuse á posta en valor do Banco das Mentiras e ao arranxo do balaustre da Rúa Manuel Murguía. O alcalde, Fran Cajoto, explica que o balaustre “estaba en moi malas condicións, carcomido polo óxido e co risco de que calquera persoa se puidera cortar ao asirse á varanda: a falta de mantemento dos últimos anos era máis que evidente”. Así procedeuse á desmontaxe, substitución

das partes deterioradas, chorreo da totalidade da estrutura e ao pintado con imprimación e cun lacado en negro en toda a lonxitude. Na mesma situación destaca o famoso Banco das Mentiras. “O banco loce completamente renovado, cun mural deseñado e pintado polo artista local Daniel Carreira. Fixo un traballo especial, mariñeiro”.

FONTE CONDE FONTO. O Concello de Foz renovou a fonte de Conde Fontao, que xa non botará auga senón que será un novo motivo ornamental. “Crimos moi necesario actuar nela, igual que tamén o vemos necesario na fonte do Campo da Cabana”, explica o alcalde, Fran Cajoto. E é que a fonte levaba moitos anos sen auga, non funcionaba e ao non contar cun circuito pechado, poñela a funcionar de novo suporía un gasto

de auga potabilizada “inasumible tanto na parte económica como na medioambiental”. Ademais consideran que supoñía un risco para a seguridade, “xa que os nenos utilizaban a fonte para os seus xogos e unha caída podía derivar nun accidente serio”. Outro dos motivos para tomar esta decisión era evitar converterse en “papeleiras improvisadas de lixo, como sucede noutros puntos”.

OUTRAS OBRAS. Neste mes, o Concello acometou outros traballos como a limpeza de cunetas na subida a Vilela en San Martiño, limpeza dos parques da Ponte de Ferro e Ponte Vella en Fazouro, segado parque de Cordido, desbroce e limpeza da fonte de Neixas no Chao en Santa Cilla e muiño de Ver en San Martiño, así como a hidrolimpeza de beirarrúas e mobiliario en Pintor Laxeiro.



Foz retoma o programa cultural de abril e maio

O Concello de Foz presenta a programación de primavera Sementando cultura, que inclúe doce actividades para os meses de abril e maio.

A concelleira de Cultura, Inés López Couto, explica que “o Concello de Foz enche os días de primavera de actividades culturais para adultos e nenos. As actividades programadas nestes meses de marzo, abril e maio aglutinan dende música a documentais pasando por representacións teatrais ao máis alto nivel. Queremos seguir apostando pola Cultura. Aínda, se cabe, con máis ímpetu en momentos tan complicados coma os actuais. O sector cultural é un dos máis afectados pola pandemia. E, a pesares de non ter un auditorio, Foz segue apostando polas mellores postas en escena para desfrutar dos nosos veciños”. López Couto engade que “durante esta semana, como xa se anunciou, quíxose celebrar o Día Mundial do Teatro. Entre os veciños hai gran afección teatral, que esperamos que dentro de pouco podan retomar para facernos desfrutar a todos de novo”.

A edil anuncia que “o mes de abril comezou con datas festivas. A Semana Santa contou con música polas rúas o xoves 1, acompañando as compras do Comercio na rúa e o domingo 4 coas xornadas gastronómicas, así como a representación de La granja de los niños o sábado 3 ás 18.30 horas. O teatro é un dos

grandes protagonistas desta primavera cultural.

Haberá representacións para público infantil os sábados 10 e o 17 abril ás 18.30 horas. E para público adulto os xoves 20 e o 27 de maio ás 20 horas. En abril tamén se quere celebrar o Día do Libro, para o venres 23 organizase un contacontos para adultos ás 20 horas e o sábado ás 18.30 horas será a quenda dos nenos. Todo dentro dunha semana na que se regalarán libros na biblioteca municipal e haberá máis sorpresas. Queremos que os nenos desfruten da lectura dende pequenos e que os adultos lembren o pracer de ter un bo libro nas mans”.

Inés López engade que “xa no mes de maio, o mes das Letras Galegas, o xoves 6 haberá un documental que nos levará pola poesía contemporánea galega. Contaremos coa presenza de Carlos Lourenzo, Emma Pedreira e Yolanda Castaño para darnos a súa visión. E o venres 14 a fundación Bal y Gay organiza un concerto de piano na Basílica de San Martiño, co que colabora o Concello”.

Seguindo os habituais protocolos anticovid, para todas as actividades será necesaria a reserva previa, no teléfono 982.140.027, extensión 3. As actividades contan con aforo limitado. “Esta programación está feita con moito agarimo, incluíndo actividades diversas; esperamos que as veciñas e veciños a desfruten moito”, finaliza a edil.

Descárgate la App iHoreca de Carreiras

Disponible para iOS y Android en:

Disponible en Google Play Disponible en App Store

Carreiras

PIDE TU CODIGO DE CLIENTE

982 58 20 00

O PREGUNTA A TU COMERCIAL DE ZONA

Ánimo a todos y ánimo al sector hostelero, ¡Ya falta poco para volver a estar juntos!

Renovan a pista da Veiga 2 de Magazos

Iniciáronse as obras de reposición do firme na pista denominada Pista Veiga 2, ubicada no lugar da Veiga, na parroquia de Santa María de Magazos.

As obras, cun orzamento de 25.000 euros, "dan resposta ás demandas dos veciños e veciñas da zona, mellorando as comunicacións na parroquia e aumentando a seguridade viaria de vehículos e peóns", asegura María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.

As actuacións previstas consisten en labores de mantemento, tanto do firme existente mediante bacheo como de mantemento dos marxes do vial mediante a limpeza de cunetas, e en labores de mellora, mediante o reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas que se axusten ás características do tráfico rodado que soportan.

Inclúen, ademais, o saneado e limpeza dos sumidouros de augas pluviais, repoñendo todas aquelas pezas e elementos que presenten algún tipo de deterioro.

Abre a inscrición para os cursos de natación da piscina

Xa está aberta a preinscrición para os cursos de natación para nenos e nenas, que se repartirán en diferentes categorías, infantil, nenos e escolas. Repartiranse para aqueles nados entre o 2016 e 2005. Realizarase o sorteo das prazas, que será aberto ao público. A prescrición para os cursos de nenos pode facerse tanto de forma presencial como por teléfono. A data de comezo dos cursos será o 12 de abril, finalizando o 17 de xuño. Os cursos terán un aforo limitado a catro alumnos por curso, debendo cumprir en todo caso as medidas e limitacións en materia de prevención de covid-19.



Estado no que se atopaba o muro do cemiterio

Comeza a reparación do muro do cemiterio

O Concello de Viveiro informa que deron comezo as obras de reparación de parte do muro do Cemiterio Municipal de Altamira, en concreto a esquina situada contra o apeadoiro de tren na Ponte Labrada.

Con esta intervención preténdese solventar os problemas de asentamento que apareceron nesa parte do cemiterio municipal, que se incrementaron a raíz da riada acontecida en Viveiro en novembro de

2018, que causaron graves destrozos materiais en diferentes lugares do concello, moi especialmente no barrio de Xunqueira e que tamén afectaron ao Cemiterio Municipal de Altamira.

Para a execución desta obra, de gran complexidade, debido ao mal acceso a esa zona en concreto, o Concello de Viveiro solicitou a colaboración tanto técnica como económica da Deputación de Lugo.

O Concello intervén un edificio na rúa Rosalía de Castro

O Concello de Viveiro está traballando na actuación subsidiaria do edificio sito na Rúa Rosalía de Castro, número 16, debido a que esta vivenda se atopaba en mal estado e que se tiña incoado expediente de orde de execución, no que non foi posible localizar ao propietario.

Tras diversos intentos de notificación e seguindo o procedemento establecido, en aras a manter a edificación en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, o Concello de Viveiro realizou os trámites necesarios para a realización de oficio das obras consistentes na retirada de galerías na fachada posterior; limpeza de cuberta; colocación de rede en cuberta para evitar



O edificio intervenido

a caída de elementos ao vial público; colocación de canlos e baixantes; consolidación de cornixa, debido á caída de pedras, e pechamento de ocos en fachada mediante taboleiros pintados. Xa están rematadas as actuacións levadas a cabo para a retirada de todos os elementos da fachada, retirando a andamiaxe colocada para este fin e quedando o patio interior totalmente limpo. Estase a facer tamén a limpeza da cuberta, a colocación de canlos e baixantes, o peche dos ocos de fachada e o arranxo da cornixa.

En decembro de 2020 ditouse un Bando no que se recordaba a todos os propietarios de vivendas no casco histórico da obrigatoriedade de realizar as tarefas de limpeza e adecuación dos edificios que non supñan risco para os peóns.

O CCHV remata o mes cun balance positivo

O Centro Comercial Histórico de Viveiro fai unha valoración moi positiva das accións emprendidas no mes de marzo e traballa xa na organización das campañas de dinamización para os próximos meses.

No mes de marzo puxéronse en marcha varias iniciativas dende o CCHV. Iniciaron o mes coa campaña de Fora Stocks, cun resultado de ventas extraordinario; continuaron co sorteo de 1.500 euros en premios na campaña do Día do Pai, cun éxito de participación moi elevado, e finalizaron cunha campaña posta en marcha fai uns días na que os envíos realizados nos meses de marzo, abril e maio, tanto á Mariña como a Ortegal serán gratuítos.

"Pretendemos con esta iniciativa facilitar as compras de tódolos clientes, que por un motivo ou outro non se poden achegar a Viveiro a mercar, ou simplemente por comodidade", explican.

Por un lado está enfocado á venda a través das redes sociais ou as webs, se un cliente ve algo que quere mercar nalgunha das redes dos

negocios asociados o envío saíralle gratuítos.

Por outro lado, está enfocado a dar un servizo postventa a aqueles clientes que veñen a mercar a Viveiro e non poden levar nese momento o que queren, ben porque non hai talla, número, o artigo está esgotado e hai que pedilo ou se trata dun arranxo. Nestes casos enviaráselles gratuítamente no momento en que o produto estea dispoñible.

Estamos seguros de que esta iniciativa terá moi boa acollida, facilitará o proceso de decisión de compra dos clientes das localidades veciñas e axudará a afianzar un servizo máis que presta o comercio local.

DÍA DO PAI. O CCHV anunciou os gañadores da campaña do Día do Pai. Os premios consistían en cinco caixas sorpresa Experience Comercio Local e outras cinco caixas sorpresa Experience Gastronomía local, por un valor total de 1.500 euros. O factor sorpresa dos premios levantou expectación.

Diminúe a delincuencia en Viveiro un 21%

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou de que o balance do ano 2020 no Concello foi moi favorable xa que as estatísticas da Policía Nacional reflicten un descenso do 21,11% no número de delitos. Foron en total 228 infraccións penais, 86 delitos graves e menos graves e 142 leves. Un ano antes rexistráranse no municipio 289 infraccións penais.

A subdelegada destacou que "os datos de evolución da criminalidade foron mos bos e tamén é positivo o aumento na eficacia policial, que se incrementou en 3,15 puntos". A tendencia á baixa foi xeneralizada xa que os delitos graves e menos graves experimentaron un descenso do 14,85%, (de 101 a 86), e os leves diminuíron un 24,47%, (de 188 a 142).

VIOLENCIA DE XÉNERO. Isabel Rodríguez analizou tamén a evolución da violencia de xénero no concello de Viveiro. En 2020 rexistráronse un total de 15 denuncias por este motivo e no que levamos de 2021 son 3. En canto ás ordes de protección ás vítimas, segundo os últimos datos, son 25, ningunha de nivel extremo

ou alto, 1 de nivel medio, 11 de nivel baixo e 13 de nivel non apreciado.

Respecto da evolución das denuncias por violencia de xénero, Rodríguez informou de que nos últimos anos obsérvase unha tendencia á baixa na cifra de denuncias por feitos deste tipo no municipio de Viveiro. No 2018 presentáronse 26 denuncias, 18 ao ano seguinte e 15 no 2020. Este ano levamos 3.

ESCOLARES E MAIORES. A subdelegada tamén expuxo a marcha dos plans operativos da Secretaría de Estado de Seguridade dirixidos a escolares e persoas maiores.

En canto ao Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade escolar nos centros educativos, no curso escolar 2019/2020 realizáronse un total de 31 actividades (1 máis que no curso anterior 2018/2019) a pesar de que o ano pasado suspendéronse as clases o 13 de marzo.

Foron 20 charlas e actividades formativas sobre acoso escolar, riscos da Internet, violencia de xénero e delitos de odio e discriminación. Tamén houbo 11 reunións con persoal docente e anpas.

TAXI JOSÉ MARÍA

Viveiro Lic. nº21

Vehículo adaptado de 7 plazas

Presupuesto sin compromiso

Hoteles - Restaurantes - Hospitales
Residencias - Aeropuertos - Viajes a toda España
Rapidez, confort y discreción

606 089 277

pigueiras@hotmail.com - <https://jose-maria.negocio.site/>

O goberno local saca adiante o orzamento co apoio de Por Viveiro

O pleno ordinario do Concello de Viveiro aprobou os Orzamentos Municipais para o exercicio 2021, grazas ao acordo establecido entre o equipo de goberno e o grupo municipal Por Viveiro, dando deste xeito continuidade aos xa pactados en 2020.

“Son uns orzamentos de emerxencia, nos que se primou a axuda social e enfocados a atender ás consecuencias sanitarias e económicas derivadas da pandemia provocada polo covid-19”, tal e como os califica a alcaldesa, María Loureiro.

O montante do orzamento deste exercicio 2021 ascende a 13,1 millóns de euros, un millón de euros menos que no 2020, tanto en ingresos como en gastos. Tal e como se explicou na Comisión Informativa de Economía e Facenda, unha gran parte desta redución está motivada polo cambio de taxa por tarifa nos recibos da auga e lixo, que foi aprobado en pleno en base á lexislación vixente.

Outra parte desta redución no orzamento deriva da obra xa realizada en base á sentenza referida ao inmovible situado na rúa Nicolás Cora Montenegro, 50. Ao tratarse dun-

ha baixada idéntica no capítulo de gastos e ingresos, isto non afecta á prestación de ningún servizo.

Entre as diversas partidas, cómpre destacar que o Concello mantén as axudas a asociacións culturais e deportivas. En subvencións nominativas a clubs deportivos inclúense un total 57.300 euros a repartir entre 23 asociacións ou entidades deportivas. Para eventos deportivos organizados por estes colectivos, recóllense 31.000 euros. No eido cultural, recóllense 41.000 euros

Entre as subvencións nominativas, tamén se inclúe unha á Asociación de Familias de Enfermos de Alzheimer, consignando un total de 15.000 euros.

AXUDAS. Manteñan dúas subvencións, por un importe de 15.000 euros, ás asociacións comerciais do municipio (10.000 para a Asociación do Centro Comercial Histórico e 5.000 euros para a Asociación Beiras de Viveiro) para campañas promocións comerciais, así como a exención da taxas pola instalación de terrazas na hostalería e dos pagos das licenzas por novas actividades.

En relación ao Plan de Reactivación

Económica inclúen unha cantidade de 200.000 euros, con cargo ao Plan Único, destinada a subvencións para a axuda a establecementos de hostalería e comercio en xeral. O importe das axudas que o Concello de Viveiro concederá a cada hostaleiro ascende a 1.000 euros.

Outra parte irá destinada a aqueles comercios e establecementos que, por diversos motivos, non puideron beneficiarse e acadar as subvencións convocadas por este concello no pasado exercicio. Serán de 850 euros para cada un.

Neste Plan de Reactivación Económica tamén se entenden incluídas as exencións das ordenanzas referidas; a contía destinada a emerxencia social, que ascende a 45.000 euros e o acordo coa empresa concesionaria do servizo de auga para non cobrar o recibo de auga e lixo para os locais que estiveron pechados forzosamente pola pandemia durante dito período.

Cómpre destacar, finalmente, que estes orzamentos inclúen a cantidade de 200.000 euros para o Servizo de Atención ao Fogar, con cargo ao Plan Único da Deputación de Lugo. máis afectados pola pandemia.

Alumnos do Lois Tobío participan no Plan Life



Alumnos do colexio durante unha das actividades

A Deputación de Lugo promoveu a implicación do alumnado do colexio público Lois Tobío de Viveiro nas actividades do programa Life In Common Land, unha iniciativa financiada con fondos europeos que lidera a institución provincial coa colaboración das universidades de Santiago de la Coruña e que ten como obxectivo a conservación dos hábitats e o aproveitamento sostible da riqueza ambiental da Serra do Xistral. Técnicos do plan ofreceron obradoiros e actividades no CEIP para trasladar aos nenos e nenas a importancia de manter e coidar este espazo protexido de alto valor ambiental.

Os técnicos da Universidade de Santiago de Compostela que traballan no Life impartiron aos rapaces e rapazas de 3º e 4º de Primaria do centro viveirense varias actividades co obxectivo de ensinar a importancia da conservación dos hábitats naturais na Serra do Xistral.

Os encargados da organización das actividades prepararon un kit de merchandising do proxecto para entregar aos nenos e nenas que participaron nas actividades. A cada alumno e alumna entregóuselle un caderno e un bolígrafo, unha mochila, prismáticos, unha cunca e unha lanterna.

O BNG pide a retirada de paneis publicitarios

O BNG demanda ao goberno de María Loureiro que lle esixa ás empresas construtoras a retirada dos paneis e cartaces das obras públicas unha vez executadas e rematado o prazo de publicidade. Segundo explica, grandes cartaces e paneis están a ensuciar a paisaxe “co anuncio de obras públicas pagadas por todos, onde vemos como xa se está a converter nunha competición de a ver quen pon o panel máis grande e co logo da administración máis visible. Paneis que comezaron atados ás reixas metálicas temporais das obras, até chegar ao punto de instalalos con pés de ferro formigonados”.



NAUFRAIXIO. O Concello de Viveiro acolleu a presentación do cómic conmemorativo do Bicentenario do Afundimento do Bergantín Palomo e da Fragata Magdalena en augas da Ría de Viveiro, un evento que fora celebrado no ano 2010. A elaboración do cómic é froito dunha das iniciativas levadas a cabo en 2010 pola comisión creada para a conmemoración do bicentenario do afundimento, á que alcaldesa de Viveiro agradeceu o seu traballo.

Sae o anuncio da concesión de catro postos na praza de abastos

O Concello de Viveiro informou a semana pasada da tramitación do procedemento de contratación para sacar a licitación a concesión de catro novos postos da Praza Municipal de Abastos de Viveiro. No Boletín Oficial da Provincia do 24 de marzo saíu publicado o anuncio para dita concesión cos seus requisitos. O prazo para a presentación de proposicións remata o venres 7 de maio.

“Desde o anuncio de hoxe esperamos captar o interese para optar aos postos, as prazas de abastos sempre foron motores do comercio local e con este proceso quere-

mos contribuír á dinamización das instalacións, ademais de reactivar a economía do concello”, afirma a alcaldesa.

Estes catro postos, con medidas que oscilan entre os 6,5 e os 15,79 m2, deben destinarse á venda de produtos de alimentación, entendéndose por tales os peixes e mariscos; carnicería; panadería; froitas e verduras; charcutería; pastelería; produtos gourmets, queixos, chacinas, salazóns e conservas; viños, aceites, froitos secos, froitos do bosque, encurtidos e ultramarinos, ou conxelados.

ENVÍOS GRATUITOS
MARZO /// ABRIL /// MAIO ///

VIVEIROCCH
Centro Comercial Histórico



MERCA NOS COMERCIOS ASOCIADOS Ó CCHV

OS ENVÍOS Á MARIÑA E ORTEGAL SON GRATIS

VIVEIROCCH
Centro Comercial Histórico

A Biblioteca convoca o concurso das Letras Galegas

A delegación Municipal de Cultura do Concello de Burela a través da súa Biblioteca Pública Municipal ven de convocar o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2021 na súa fase local.

Poderán participar todas as nenas e nenos do Concello de Burela con narracións, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, sobre o tema: O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Artigo 31 Convención sobre os Dereitos do Neno).

Tamén hai outra convocatoria para debuxos, feitos sobre cartulina cun tamaño aproximado de DIN A4, sobre o mesmo tema.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos.

O prazo de presentación dos traballos rematará o venres 7 de maio ás 20 horas, debendo ser entregados na Biblioteca Municipal de Burela.

Convocado o certame de videoclips

O Concello de Burela convocou o 1º Certame Galego de Videoclips Music@rte no que poderán participar as escolas de música, conservatorios e centros de ensino musical públicos e privados de toda Galicia. Establécense catro premios: Mellor videoclip inédito dotado con 500 euros; Mellor videoclip cover con 250 euros; Mellor videoclip en galego con 250 euros e Mellor videoclip elixido polo público con 200 euros. O prazo de presentación de traballos remata o 20 de xuño de 2021. No acto de presentación participaron o alcalde, Alfredo Llano, o concelleiro de Cultura, José Díaz, o director da Escola de Música de Burela, Xan Carballeda, e a actriz barreirense e membro do xurado deste Certame Estíbaliz Veiga.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, explicou que "el certamen va enfocando a escolas de música e a conservatorios de toda Galicia. Esperamos que participen muchas de ellas, el

mayor número posible, y que tengamos un buen número de videoclips que luego podrán verse en el canal youtube del Concello de Burela. El plazo para enviar propuestas termina el 20 de junio. Serán videoclips de una duración máxima de cinco minutos. Hay cuatro categorías de premios: videoclip inédito, videoclip en gallego, videoclip cover, que será una versión de uno que ya exista, y premio del público que se valorará con los comentarios positivos de los vídeos que se vayan subiendo al canal de youtube".

O edil burelés sinalou que "queremos agradecer la colaboración, como siempre, de la Escola de Música de Burela, de Xan Carballeda, con quien hacemos muchos proyectos ya desde hace años juntos y que siempre se implica en estas iniciativas que tratamos de sacar adelante de una manera muy positiva para todos. Por supuesto también agradecer la presencia de Estíbaliz Veiga,



que sacó un hueco de su tiempo para acompañarnos y mostrar con su presencia, y formando parte del jurado, el apoyo a todo tipo de iniciativas

culturales no sólo en Burela sino en toda A Mariña. Creo que es una muy buena embajadora de la cultura para nosotros aquí en A Mariña"

O BNG solicita o convenio para revisar a cesión das Casas dos Mestres

O grupo municipal do BNG vén de rexistrar unha solicitude para ter acceso ó expediente no que se encadra o convenio de cesión dos inmobles denominados como Casas dos Mestres anexos ó Ceip Virxe do Carme, na zona dos Castros, en favor do centro San Aníbal.

En verbas do voceiro do BNG, Mario Pillado, "cremos que pode ser unha boa oportunidade e coñecemos o traballo que realizan dende o centro. Queremos ter acceso á documenta-

ción do convenio porque aínda que non dubidamos que o acordo está avalado polos técnicos municipais, nos que temos total confianza, queremos coñecer mais en profundidade os extremos ós que chegan as dúas partes asinantes"

O portavoz nacionalista sinalou que "tivemos un pleno extraordinario este pasado xoves e a finais de mes teremos o correspondente pleno do mes de marzo, pero polo visto o convenio de cesión do inmueble non

atopa encadre en ningún dos dous. É algo que nos estraña, posto que este tipo de acordos sempre eran sometidos a debate e aprobación plenaria". Pillado continuou indicando que "polo noso grupo, unha vez analizada a documentación e revisado o convenio, se non atopamos nada irregular, non habería ningún problema. Creo que temos demostrado no que vai de mandato en minoría do PSOE a nosa vontade para chegar a acordos".



Alfredo Llano coas máscaras repartidas nos colexios

Reparten máscaras nos colexios e remata o cribado sen positivos

O Concello entrega seis mil máscaras aos catro centros educativos de Burela e deu comezo o cribado na vila, no que participaron máis de 500 persoas.

O alcalde, Alfredo Llano, explicou que "desde o Concello facemos unha segunda doazón aos catro centros educativos de primaria e secundaria de Burela, 1.500 máscaras para cada un deles. 5.000 máscaras que foron recibindo en diferentes lotes dende o Ministerio e distribuídas pola Deputación de Lugo aos diferentes Concellos de tamaño adulto e 1.000 máscaras de tamaño infantil adquiridas

a través da partida destinada para paliar os efectos do Covid con fondos do Plan Único da Deputación". O rexedor sinalou que "deste xeito queremos botarlles unha man aos centros de ensino, aos docentes e aos rapaces e rapazas que estudan tanto nos Ceips como nos IES de Burela".

CRIBADO. 500 persoas participaron en Burela, no autocovid do Sergas do Hospital da Mariña, nun cribado voluntario para detectar a presenza do virus na poboación que ten máis contacto co público. Non se detectou ningún positivo.

Alfoz en el interior de la 'Mariña Lucense' marco incomparable de paisajes y belleza natural.

VIVEIRO, FOZ, RIBADEO PRAZA DAS CASTAÑAS, ALFOZ, MONÓIDEIRO

CONCELLO DE ALFOZ (Lugo)

www.concellodealfoz.com
APP CAMIÑOS DE ALFOZ

CASCADA DE ESCOURIAL, PEÑA BALADROIA, CASTILLO CASTRODOURO

Realizarán varias melloras na residencia de maiores

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou a residencia de maiores de Burela para coñecer a situación do centro, agradecer o “inmenso esforzo” realizado no último ano e valorar os proxectos e obras que están en marcha

O delegado mantivo un encontro co novo director, Óscar Molina, nomeado recentemente en substitución de Patricia García, que cesou a petición propia e continúa prestando servizos na Consellería de Política Social. Arias quixo agradecer expresamente “a ela e a todos os traballadores e traballadoras o excelente labor que realizaron, especialmente nos peores momentos da pandemia”. Igualmente, gabou a actitude dos usuarios e as súas familias, “que puxeron todo da súa parte para facilitar o traballo nesta difícil situación”.

A Consellería habilitou nos últimos meses un espazo exterior na residencia para que as persoas usuarias puideran saír e practicar deporte; o proxecto completárase coa instalación dunha pérgola cuberta. Igualmente, está en marcha a contratación das obras para a substitución



Visita á residencia de maiores, onde se supervisaron as últimas reformas

das carpinterías en todas as habitacións. Estas iniciativas suman un orzamento de 215.000 euros.

No que respecta ao patio, construíuse un peche na esquina onde conflúen as rúas Emilia Pardo Bazán e Covamoura, onde xa había un pequeno parque biosaudable, que agora poden utilizar os residentes con maior seguridade.

O proceso de licitación das obras de substitución das carpinterías -ao que se presentaron seis empresas- está xa moi avanzado e resolverase proximamente. Suporá a renovación das

ventás das catro plantas dedicadas a habitacións, instalando carpinterías de aluminio con perfís provistos de rotura de ponte térmica, caixón de persiana térmica incorporado e dobre acristalamento de baixa emisividade térmica, entre outras características.

A actuación redundará nun maior confort para os usuarios. Ademais, mellorará a eficiencia enerxética, logrando un aforro no consumo de calefacción e a conseguinte redución de emisións contaminantes á atmosfera.

Llano busca solucións para as baixas na unidade de drogas

O Concello de Burela busca solucións para cubrir a baixa dun médico desde hai un tempo na Unidade de Atención a Drogodependencias. O alcalde, Alfredo Llano, subliñou que se trata dun servizo comarcal asumido polo Concello burelés, que debería ser responsabilidade directa do Sergas.

O rexedor contou “con respecto ao médico da UAD, tivemos unha reunión telemática con autoridades e responsables da UAD en toda Galicia e por tanto tamén de Burela. Para que o entenda todo o mundo, a UAD é unha competencia impropia do Concello de Burela, iso é unha cuestión que historicamente procede dun servizo mancomunado, que despois, polas razóns que fosen, quedou no Concello de Burela, que tamén asumiu ao persoal, 7 profesionais que traballan nesta Unidade de Drogodependencias”.

Llano dixo que “é certo que, como é normal, na plantilla hai un médico especialista para atender aos usuarios da UAD, pero está de baixa por enfermidade desde hai uns meses. E é moi difícil cubrir a baixa deste médico, aínda que levamos tempo intentándoo e aplicamos diferentes metodoloxías. É moi complicado

conseguir un médico especialista de saúde mental para que veña a atender estes pacientes porque hai dificultade para atopar especialistas e porque a Unidade de Drogodependencias de Burela, como as do resto de Galicia, depende de subvencións, coas que se cobren os soldos dos profesionais, pero tamén as medicinas, os tratamentos e todo aquilo que corresponde. Polo tanto hai unha achega específica e clara para os salarios dos profesionais. E un especialista que traballa na Unidade de Drogodependencias non ten o mesmo salario que outro profesional equivalente que traballa en atención primaria ou no hospital. Por tanto é moi difícil conseguir cubrir esta praza”.

O alcalde burelés manifestou: “así que a ver cando pode incorporarse o profesional que está de baixa. El di que será en breve e polo tanto imos agardar que sexa así. E paralelamente imos intentar cubrir esta baixa. Pero hai que ter en conta que ao ser unha competencia impropia non podemos xustificar a necesidade dun profesional a maiores do que hai xa, que aínda que está de baixa segue cobrando. Estamos estudando algunha maneira de co-

laboración para que mentres non se cobre unha praza ou non se incorpora o profesional que está de baixa o Sergas, mediante as unidades que correspondan, nos aporte un ou dous días á semana un profesional para atender as necesidades máis urxentes dos usuarios”.



Charla de sensibilización nun centro burelés

Organizaron actividades de sensibilización coa inmigración

A Concellería de Inmigración, Cooperación e Integración puxo en marcha unha serie de actividades para fomentar a sensibilización nos menores coa inmigración. En primeiro lugar programaron charlas de sensibilización e motivación destinadas ao alumnado de 5º de educación primaria e 2º de educación secundaria. Estas charlas co alumnado foron impartidas pola pedagoga Kateline de Jesús Brito Tavares.

Organizaron a Ocainmigrante para

o alumnado de 3º e 4º de primaria, coa colaboración de Gaia. Con esta actividade buscou sensibilizar aos máis novos sobre esta temática e ensinalles a ver o mundo dende outra perspectiva, así como facelos conscientes das necesidades existentes. Mediante distintas probas van coñecendo aspectos como o racismo, a inseguridade e o desamparo, a acollida, a pobreza, a tolerancia e o respecto, as guerras, a marxinação, os malos salarios, o rexeitamento, a integración, etc”.

Concursos de debuxo e lemas

Convocaron tamén a sétima edición dos Concursos de Lemas e Debuxos e Pintura con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Discriminación Racial que se celebrou o 21 de marzo.

A edil Noelia Mª Ben explica que “os obxectivos destes certames son transmitir, a través de mensaxes curtas ou debuxos, a importancia da educación en igualdade e a necesidade de eliminar a discriminación racial, así como a súa prevención. As bases para poder participar nestes concursos están a disposición das

persoas interesadas na sede electrónica do Concello de Burela”.

No concurso de debuxo e pintura haberá tres categorías entre os 6 e os 19 anos. En cada unha delas establécense dous premios consistentes nun lote valorado en 50 euros para o primeiro e 30 euros para o segundo. No concurso de lemas haberá unha soa categoría e cada participante poderá presentar ata un máximo de cinco. Deberán constar de sete palabras como máximo, en lingua galega ou castelán. O gañador ou gañadora recibirá un lote valorado en 60 euros.

**Chegou a hora...
... a hora do**

ARNAO VERMUT

O NOSO VERMUT

Produto de

CASTILLO SAN DAMIAN
Discosta Norte S.L.

Dompniñor, 12. 27715 Ribadeo
982 128 900
www.discosta.com

BREVES

ARGOS 2. O proxecto Argos 2, posto en marcha entre a Xunta de Galicia e a Asociación de Actividades Subacuáticas Illa Pancha, realizará un novo documental para poñer en valor o patrimonio subacuático da ría de Ribadeo. A primeira edición do proxecto permitiu exhibir o documental Lo que a ría esconde. Dentro deste proxecto tamén se realizará unha exposición fotográfica itinerante e un libro-documental sobre o que gardan as augas da ría.

CURSOS. O Concello de Ribadeo organiza cursos preparatorios para os exames de Competencias Clave Nivel 2 que se celebrarán en 2021. A inscrición estará aberta ata o 16 de abril. Traballaranse as materias de Matemáticas nivel 2, de Lingua Galega nivel 2 e de Lingua Castelá nivel 2. Para obter máis información poden mandarnos un correo a orientacion-laboral@ribadeo.org ou achegarse ao Servizo de Orientación Laboral para darlles máis información.

DÍA DO PAI. Xa se coñecen os nomes dos gañadores do XI Concurso Fotográfico Día do Pai. O primeiro premio co título *Que a vida nos acompañe toda a vida xuntos*, é para Ricardo López Fernández por unha fotografía feita na Lira. O gañador levará unha cámara fotográfica valorada en 250 euros. O segundo premio co título *Papá é o mellor mestre* é para Igor Rodríguez Gómez por unha fotografía feita no bar Galicia. Recibirá 60 euros en vales de compra. E o terceiro premio co título *De tal pai, tal filla* é para Antía Vázquez Gómez por unha fotografía feita en Galipizza. Será obsequiada con 40 euros.

ESTERILIZACIÓN. A Concellaría de Medio Ambiente fai un balance positivo da campaña de control das colonias gatunas que deu comezo hai dous meses. En total xa foron esterilizados 20 gatas e gatos. O edil Jorge Díaz Freije agradece a implicación do voluntariado e das dúas clínicas veterinarias nesta iniciativa.

A-8. O alcalde mantivo unha reunión coa subdelegada do goberno na que abordáronse temas como a iluminación das rotondas de acceso, as moitas fochancas que presenta a A-8 ao seu paso polo concello e as beirarrúas da Ponte dos Santos que o rexedor considera necesario ampliar un pouco para facilitar o paso.

O PP pide a devolución das taxas aos locais pechados pola covid

O voceiro popular, Daniel Vega, esixe ao goberno local do BNG que “devolva o diñeiro correspondente a aqueles recibos da auga e do lixo que xa se cobraran e os que aínda non se enviaron, que non se envíen”.

O popular explica que “o goberno local manifestara que non ía cobrar estes recibos correspondente ao período no que estiveron pechados os negocios”; pero Vega asegura que “dispoñemos de documentación que acredita que lles enviaron igualmente os recibos a moitos locais que os teñen xa pagados, a pesar de que non se ían cobrar. Se prometeron algo, que o cumpran”, manifesta.

CASCO VELLO. A vicevoceira do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Elena Sierra, reivindica o arranxo das rúas do casco histórico ribadense. A popular traslada así as queixas dos veciños e do comercio e a hostalaría. Segundo lembraron, levan tempo demandando ao goberno local do BNG actuar nas rúas peonís de Ribadeo onde se producen numerosas caídas, afortunadamente ata o momento “sen consecuencias graves”, debido aos adoquíns soltos e ás zonas afundidas.

A popular considera que “non se debe esperar a que se produzan caí-



Elena Sierra, ante os servizos da praia das Catedrais

das; senón que se deben arranxar as rúas canto antes”.

RINLO. A coordinadora do rural do PP de Ribadeo, Montse Seijo, denuncia o “estado de abandono no que se atopan as inmediacións do paseo marítimo do porto de Rinlo”. A popular nomea a falta de limpeza do paseo coas marxes e o entorno sen rozar, zonas húmidas e esvaradías na beira da parte urbana e con outras zonas intransitables debido ao crecemento da maleza.

Seijo insta, polo tanto, ao goberno local do BNG a acondicionar o paseo marítimo para que sexa seguro para todos os peóns e tamén atractivo para tódalas persoas que queiran coñecer esta pequena vila mariñeira.

PRAIAS. A vicevoceira do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Elena Sierra, acusa ao goberno local do BNG de “improvisación continua”. Así o manifesta ante o estado das praias do municipio nesta Semana Santa despois de ter aprobado en pleno unha ordenanza específica que xa no pleno o Grupo Municipal Popular definiu como “pobre, improvisada e sen plan covid”.

Sierra explica que nesta Semana Santa “nuestras playas estaban sin papeleras, con falta de contenedores y sin desbrozar”. E engade que “una de las playas más visitadas como es Las Catedrales se encontraba con los baños cerrados causando malestar entre muchos visitantes”.

O Pleno aproba as ordenanzas de praias e limpeza

No pleno ordinario do Concello de Ribadeo, celebrado onte, tomou posesión do seu cargo o novo concelleiro, Marcos Villamil, que se fai cargo da Área de Medio Rural. Na sesión foron aprobadas inicialmente as ordenanzas de praias e de limpeza e xestión de residuos, que agora estarán en exposición pública durante un mes para quen queira poida presentar alegacións. O equipo de goberno deu conta da doazón dunha escultura para o cemiterio municipal de Ove.

Esta ordenanza conta con varios capítulos que analizan aspectos como a limpeza viaria, o mantemento de solares e leiras, a tenencia de animais na vía pública, a colocación de carteis e pancartas, as pintadas, a distribución de panfletos ou a limpeza e conservación do mobiliario urbano e as zonas verdes. Ademais establece sancións en caso de incumprimentos.

Na de praias se regulan temas como a presenza de cans, as actividades deportivas, a pesca ou a prevención de riscos, como os desprendementos. Entre os asuntos tratados no pleno estivo a solicitude da Xunta dunha interpretación xurídica dun artigo do Plan Xeral sobre cal debe ser a prevalencia legal da tipoloxía de especies arbóreas en Ribadeo.

Ademais das mocións, abordouse unha iniciativa de urxencia da confraría de pescadores pedindo o apoio da corporación ás súas demandas sobre o novo regulamento europeo. Esta si foi aprobada mentres as presentadas polo Partido Popular non conseguiron o apoio do Pleno.

O xulgado de paz trasladarase ao novo edificio en quince días

O director xeral de Xustiza, Juan José Martín, visitou xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, o local cedido pola Xunta ao concello de Ribadeo para acoller de xeito provisional o xulgado de Paz. O Goberno galego investiu 42.000 euros no acondicionamento deste inmoble ao que se trasladarán neste mes os funcionarios do xulgado de Paz, mentres que o Concello leva a cabo as obras de acondicionamento da sede principal deste órgano.

A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) autorizou o pasado 19 de febreiro que o xulgado de paz se puidese trasladar de forma provisional ás



Visita ás novas instalacións do Xulgado de Paz de Ribadeo

instalacións ofrecidas pola Xunta, que xa traballa no traslado temporal dos funcionarios a este novo lo-

cal. A resolución recolle que o local proposto polo Goberno galego de forma temporal é axeitado para que os funcionarios desenvolvan o seu traballo, se ben indicaba a necesidade de contar cun local complementario para arquivo, así como que a celebración das vodas do xulgado de Paz se realicen no concello. Por iso, a Xunta solicita a colaboración do concello para procurar un espazo para o arquivo.

Melloran as pistas ribadenses de Remouelle

Rematan estes días as obras en varias pistas en Remouelle cun investimento total de 40.000 euros.

“A situación destes camiños era realmente lamentable, case non pasaban os vehículos agrícolas; e agora, a través do Plan Único, imos actuar nos próximos días”, explica o novo concelleiro de Medio Rural, Marcos Villamil.

A obra foi adxudicada a Construcións Saa, de Foz, e o importante orzamento é de practicamente 40.000 euros. Os traballos que se están a facer son saneamento das zonas deterioradas, nivelación e rasanteo da plataforma actual, afirmado cunha capa de zorra artificial, limpeza de gabias, obras de fábrica e limpeza dos canos existentes.



CURSO 2021/2022
 Contáctanos hoy para
 reservar tu plaza para el
 nuevo curso
 ...where English is fun!



SCAN ME

982 103 377
 605 738 247

www.docklandsacademy.es

Unhas 6.000 persoas pediron autorización para ver As Catedrais

Coincidindo co último día, ata o próximo período, no que será necesaria autorización da Xunta para poder acceder ao Monumento natural praia das Catedrais, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, estivo na zona para facer un balance sobre a afluencia rexistrada nos últimos 10 días.

Puxo como exemplo de investimento en turismo o areal de Ribadeo, un espazo no que o seu departamento investiu máis de 1,35 millóns de euros desde 2015 e que este ano se consolida como unha boa alternativa de ocio para aquelas persoas que buscan realizar actividades en espazos abertos e de forma segura.

Desde o pasado 27 de marzo, indicou que preto de 6.000 persoas solicitaron a través da web habilitada pola Xunta o permiso necesario para visitar o monumento e explicou que, a raíz da aprobación do Plan de conservación das Catedrais en 2015, a Semana Santa é unha das épocas do ano nas que as visitas á zona quedan restrinxidas a 4.812 persoas ao día.

Os datos de afluencia, aínda provisionais, indican un descenso con respecto ao mesmo período de 2019, último ano de referencia, xa que cómpre lembrar que en 2020 non se concederon autorizacións debido ás



restricións impostas pola covid. En todo caso, a conselleira indicou que se trata dun dato que hai que enmarcarlo nun contexto “atípico” como o actual e que provocou en todo o mundo unha caída drástica e xeneralizada dos fluxos turísticos. Co fin de controlar o acceso ao monumento natural e facilitar información e axuda ás persoas que o visitaron durante esta Semana Santa, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda activou sobre o terreo, durante os últimos 10 días, un dispositivo especial integrado por 7 traballadores. Encargáronse da comprobación in situ das autorizacións de acceso, do control da zona de aparcamento e do tránsito de vehículos, e da realización de visitas

guiadas gratuítas polo monumento natural. Así mesmo, un axente medioambiental tamén estivo pola zona, coincidindo sobre todo coas horas de baixamar, nas que adoita concentrarse a maior afluencia de xente na praia.

Pola súa banda, o alcalde, Fernando Suárez, avogou esta diante da conselleira pola posta en valor do plan especial das Catedrais elaborado polo Concello. Para o rexedor hai dúas actuacións importantes a acometer: un aparcadoiro para acoller o transporte público e o privado así coma o apeadoiro de Feve e a creación de carreiros de madeira ou de saburra cuns miradoiros para que a xente desde arriba poida ver As Catedrais con seguridade en marea alta.

Comeza o proceso de rehabilitación da Torre dos Moreno

O Concello recibiu hai uns días, no rexistro de entrada, o proxecto de rehabilitación da Torre dos Moreno que xa foi remitido á Comisión de Patrimonio de Lugo para que o informe antes de que desde o Concello lle outorgue a licenza municipal de obras. Este proxecto contempla, entre outras, actuacións de reparación da estrutura e do saneado de cubertas e de todas as súas fachadas. Os materiais de recuperación das fachadas van ser similares aos do morteiro de cal, que ten actualmente o edificio e tamén os materiais de cuberta serán os mesmos que os do edificio actual. Tamén se vai proceder á colocación de novas carpinterías exteriores, dado o mal estado das actuais, e en todo caso a intervención non vai modificar a volumetría do edificio orixinal.

O alcalde engadiu que “empeza, polo tanto, a conta atrás para que este edificio icónico de Ribadeo poida lucir todo o seu esplendor que tivo a principios do século XX, e por riba de todo que coa súa rehabilitación poida asegurarse a seguridade pública”.

Fernández Prieto, académico de número

A Real Academia Galega elixiu a Lourenzo Fernández Prieto (A Devesa-Ribadeo, 1961) novo académico de número no pleno ordinario celebrado na tarde de onte. O historiador, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, ocupará a vacante producida polo pasamento da poeta Luz Pozo Garza en abril do ano pasado. Na mesma sesión declarouse a vacante producida polo pasamento de Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da RAG entre 2001 e 2009, e oficializouse a finalización do mandato da comisión executiva presidida por Víctor F. Freixanes. A partir deste momento comeza o proceso que conducirá á elección da nova comisión executiva nun prazo máximo de tres meses.

Lourenzo Fernández Prieto é un recoñecido historiador nas dúas grandes liñas de investigación que desenvolve: a historia agraria contemporánea e o estudo da guerra civil e do franquismo. Na primeira destaca pola perspectiva innovadora que aplicou no estudo das sociedades rurais e do cambio tecnolóxico



agrario, ocupándose das relacións entre a agricultura e a ciencia agronómica e, de forma complementaria, da análise da historia do mundo agrario e a sociedade rural cun enfoque ambientalista. É coordinador do Grupo de historia agraria e política do mundo rural, Histagra, e dirixe tamén a Cátedra universitaria Juana de Vega de Estudos Agrarios.

En 2006 iniciou unha nova liña de traballo centrada no golpe de 1936, a guerra e a ditadura de Franco na que presta especial atención á análise da memoria das persecucións, das vítimas e dos vitimarios.



ROSALÍA DE CASTRO. Xa se pode ver na rúa Rodríguez Murias o mural en homenaxe a Rosalía, pintado por Concepto Circo. O Concello conmemora así a data do nacemento da escritora en Santiago de Compostela en 1837, unha celebración que foi impulsada en 2011 pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e á que cada ano se suman máis entidades.

O PSOE pide melloras para as vías da Madanela e da Costa

Os Socialistas de Ribadeo reclaman unha solución para os veciños do Barrio da Torre, en Vilaselán. Así o avanzou a voceira socialista, Marta Rey, trala celebración plenaria do mes de marzo, na que interpelou ao Goberno Local sobre a ampliación deste vial. “O Concello recoñeceu que é unha situación complicada, pero que tratan de solucionar”.

O Grupo Socialista tamén demandou, a través dun rogo, que se mellore a estrada da Costa, debido o mal estado no que se atopa. “Solicitamos que se acondicione de xeito provisional, aínda que sexa de maneira

parcial, mentres non se actúa sobre a totalidade desta infraestrutura”, explican. Ademais, “reclamamos a mellora do firme no barrio da Madanela (Villaframil), sobre todo na pista que pasa por diante da capela, e que se instalen novos puntos de luz, moi necesarios nesta zona”.

Marta Rey explicou que emprazou ao alcalde “a que se reúna con outros alcaldes da zona fronteiriza, para que propoñan de xeito conxunto que se suprima o peche perimetral, xa que está afectando moi negativamente ó occidente asturiano e o oriente galego”, insistiu.



MIRADOIRO DE AVES. Rematan estes días as obras de recuperación ambiental do miradoiro de aves que hai na marxe galega da ría, en Reme, na parroquia de Ove. Esta actuación fíxose en dúas anualidades a través dunha axuda da Rede Natura 2000, adecuando todo ese espazo, eliminando unha serie de vexetación que impedía a vista sobre a ría e, sobre todo, tamén para ir intensificando este turismo de paisaxe e de ornitología.



Lorena Maradona
psicólogos

- PSICOLOGÍA
- SEXOLOGÍA
- NEUROPSICOLOGÍA
- PSICONUTRICIÓN
- REFUERZO PSICOEDUCATIVO






“Nuestro único objetivo es estar al lado de los que sufren”

CONSULTAS PRESENCIALES, ONLINE Y A DOMICILIO

Rúa Reinante, 27 Ribadeo - Contacto: 604 086 408
www.maradonapsicologos.es

BREVES

LEIRAS PULPEIRO. O Concello de Mondoñedo ten aberto o prazo para a presentación de traballos á que xa é a décima edición do certame Manuel Leiras Pulpeiro. O prazo para a presentación das poesías, que deben ser inéditas, de temática libre e cunha extensión máxima de 150 versos, será o 15 de setembro. As obras deben enviarse por correo postal á dirección Concello de Mondoñedo. O gañador levará 1.500 euros, 600 o segundo e 300 o terceiro.

DÍAZ JÁCOME. O Concello de Mondoñedo convocou a XXII edición do premio de poesía Díaz Jácome dirixido aos mozos creadores e que este ano ten como data límite de presentación o 15 de setembro. Deben presentarse un máximo de 150 versos, escritos en galego e sempre orixinais e inéditos. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade co único requisito de non superaren os 30 anos para optar aos premios de 1.500, 600 e 300 euros.

GRUPOS DEPORTIVOS. A Delegación de Deportes está a organizar unha serie de grupos de diferentes deportes e actividades para poñer en marcha en próximas datas. Así, busca interesados en practicar ximnasia de mantemento, bádminton, fútbol sala, ciclismo e clases de baile. Como explican dende o Concello, estas actividades organizaranse cumprindo coas medidas de seguridade correspondentes ao covid polo que se traballará de maneira individual cando sea preciso ou ben en grupos de 4 persoas. Información no 605 790 091.

ROTEIROS. Deportes inicia a partir do 10 de abril, todos os sábados pola mañá, roteiros de sendeirismo por Mondoñedo. Serán en grupos de seis persoas cun monitor que guiará as mesmas por distintos sitios de Mondoñedo. O primeiro roteiro realizarase ao Mosteiro dos Picos e ao Castro de Zoñan. Para apuntarse ás rutas poden chamar ao 605 790 091 e preguntar por Raúl.

MONDOPOLI. O Mondopoli, o novo xogo de mesa centrado en Mondoñedo pero coas normas do Monopoli, xa repartiu as primeiras unidades en circulación. De feito, comezou a entregarse na Casa da Xuventude local ás persoas que o solicitaran.

SEMANA SANTA. O Concello inmortaliza nun vídeo a Semana Santa do 2021 marcada pola situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19. A creación audiovisual dá a coñecer as imaxes máis importantes da Semana Santa mindoniense, de interese turístico, que se concentran este ano no interior da Catedral.

O PSOE pregunta polo futuro da praza da Catedral

Os socialistas interpelaron ao Goberno Local sobre as obras que vai executar o concello na Praza da Catedral, na pasada sesión plenaria do mes de marzo. Concretamente o Grupo Socialista rexistrou unha pregunta para coñecer as previsións do Goberno do PP, sobre esta espazo, trala presentación deste proxecto o pasado mes de decembro diante da cidadanía e no que recolleu as inxerencias das veciñas e veciños sobre esta remodelación. Polo tanto queremos coñecer cal vai ser o proxecto que finalmente vai executar o Concello de Mondoñedo neste enclave. Nesta sesión plenaria o Goberno local contestou que van responder ás alegacións que se realizaron, e que tamén darán conta dos informes que están realizando os técnicos do Concello. O Grupo Socialista de Mondoñedo tamén quixo coñecer o destino dunha factura por importe de 2.370 euros, dunha empresa audiovisual lucense, destinada a proxección de películas. Segundo o Goberno Local con cargo a este investimento proxectáronse dúas películas, no mes de xaneiro, ás que asistiron un total de 38 espectadores. Ademais interesámonos pola destino da madeira da árbore de grandes dimensións que caeu na parte baixa do cemiterio vello do

Concello. No que a día de hoxe xa se procedeu a súa retirada, e comunicáronnos que a madeira non vale para arder, e que está destinada a diversos centros de investigación para o seu estudo. Por último, a través dun rogo, “demandamos ao Concello que inicie un expediente de comprobación, para estudar as inscricións catastrais realizadas pola Igrexa católica no noso concello, coa finalidade de verificar que non afecten a bens de titularidade pública. E dar conta ao Pleno da Corporación do resultado da comprobación realizada”.

BNG. Unha vez remitida á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do resultado do proceso de participación pública “Proxecto de Acondicionamento da Praza da Catedral” na que se solicitou a emisión de ditame facultativo sobre as alegacións propostas e logo do informe emitido por dita Dirección Xeral recibido en data do 02 de febreiro do 2021.

O BNG preguntou que decisións vai tomar agora o concello en relación coas obras de reforma. A voceira popular Elena Candia contestou que se está a elaborar un informe coa axuda dos técnicos para contestar todas as alegacións presentadas.

Acordo para investigar os bens inmatriculados pola igrexa

O BNG de Mondoñedo presentou un rogo no pleno celebrado o pasado venres día 26 de marzo que foi aceptado para que o concello investigue os títulos acreditativos de propiedade aportados pola igrexa e, no caso de non seren suficientes nin válidos, reclame as apropiacións indebidas.

Durante o goberno popular de José María Aznar levouse a cabo unha reforma da Lei Hipotecaria para permitirlle á igrexa Católica rexistrar ao seu nome todo tipo de propiedades sen ter que demostrar con ningún tipo de probas a súa titularidade, sendo suficiente tan só unha certificación eclesiástica manifestando a pertenza desde fai tempo. No caso de Mondoñedo rexistráronse un total de 10 bens, 5 de rústica e 5 de urbana, cun título

distinto ao da certificación eclesiástica.

O voceiro nacionalista no concello, Eloi Cabanas, descoñece se a documentación aportada e válida ou suficiente para que a igrexa poida rexistrar ao seu nome todos estes bens e por iso pídelo ao goberno municipal que actúe e investigue estes inmobles rexistrados entre os anos 1998 e 2015 ao amparo da citada Lei.

“Pensamos que o concello debe actuar ben para informar ás veciñas e aos veciños que podan estar perjudicados ou para persoarse como parte afectada para reclamar para o patrimonio público todos aqueles bens que a igrexa católica rexistrou como propios e que non están relacionados co culto relixioso, sendo de uso público desde fai anos”.


A Xunta compromete melloras na Catedral

O novo Plan Catedrais que prepara a Xunta de Galicia blindará o mantemento e conservación destes cinco grandes templos galegos no horizonte do Xacobeo 2027. Así o avanzou o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, nunha visita á Catedral de Mondoñedo onde anunciou un primer investimento de máis de 300.000 euros para a restauración do conxunto mural do presbiterio e nave central. Trátase dunhas actuacións para “seguir revalorizando un dos máis destacados Ben de Interese Cultural de Galicia e unha das xoias do Camiño do Norte”. Un templo, ademais, no que a Xunta investiu nos últimos anos máis de 1,1M€ para a restauración da súa cuberta e da Casa dos Coengos, actuacións ás que os actuais traballos darán continuidade, resolvendo as importantes patoloxías nas pinturas debido ás humidades. O proxecto, cofinanciado con fondos FEDER, permitirá resolver os danos na policromía barroca, a pintura mural da nave e o retablo do altar maior.



Por iso, faranse traballos de limpeza superficial, protección das zonas en perigo de desprendemento, consolidación de morteiros, fixación da policromía, reintegración e limpeza cromática, entre outras. Para poder desenvolver os traballos asinouose un convenio de colaboración coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol para a conservación de varios inmobles eclesiásticos.

O Plan Catedrais está neste momento en elaboración, en diálogo coas distintas dioceses, coa previsión de aprobalo esta primavera, dirixido fundamentalmente aos templos matrices de Lugo, Ourense, Tui e Mondoñedo-



Autorizada a ampliación de prazas na residencia San Rafael

A Xunta de Galicia, a través da consellería de Política Social, autoriza a modificación necesaria para a ampliación de prazas na residencia San Rafael de Mondoñedo. Este trámite xorde logo de que a Asociación Edad Dorada Mensaxeros de La Paz Castilla La Mancha y Galicia presentase unha solicitude de autorización e modificación substancial do centro, consistente no acondicionamento dos espazos do inmovle pendentes de reforma dende a fase I. A ampliación supón un aumento de 32 prazas residenciais para acadar unha capacidade de 47.

O centro da terceira idade atópase situado na rúa José María Pardo

Montenegro e está destinada a persoas maiores dependentes. Dispón de dous edificios con planta semisoto, baixa primeira e segunda. A distribución é a seguinte: planta baixa (Edificio Moderno): 2 dormitorios dobres; planta primeira (Edificio Moderno): 7 dormitorios dobres; planta primeira (Edificio Vello): 6 dormitorios dobres máis 4 individuais; e planta segunda (Edificio Moderno): 6 dormitorios dobres e 1 individual.

O centro conta, ademais, co servizo de enfermaría, que se atopa na planta baixa do Edificio Moderno e que dispón dun dormitorio dobre e outro de illamento.

Crean en San Cosme unha ruta autoguiada

A Área de Turismo do Concello de Barreiros deseñou un novo percorrido turístico-cultural autoguiado pola parroquia de San Cosme chamado *O Barreiros dos nosos antergos*.

Durante este percorrido, deseñado a modo de visita guiada, expoñerase o vínculo entre o patrimonio etnográfico máis propio de Galicia e o posterior legado daqueles que emprenderon a aventura de facer as Américas. Complementábase con descrições audio guiadas e relatos sobre a historia. Como puntos de interese inclúe casas indianas, patrimonio etnográfico, capelas e casas labregas. Sae da Oficina de Turismo e percorre os núcleos de San Cosme, Vilar, Áspera, Viladaíde, San Bartolo e Remior; retornando de novo a San Cosme.

Conta cunha lonxitude aproximada de 10Km e pódese facer a pé, en bicicleta ou en coche, opción menos recomendable xa que se debe ter en conta que nalgúns puntos de interese non hai espazo para estacionar xusto ao carón do recurso.

Para seguir o percorrido tan só é preciso entrar na web <https://www.concellodebarreiros.gal> e acceder ao apartado de Sendeirismo que atópanse na sección Turismo. Dende alí pódese acceder a Google Maps ou a APP Wikiloc para facer o itinerario a través da tecnoloxía GPS utilizando un teléfono móbil ou unha tableta.

Desta forma, calquera persoa pode facer esta visita audio guiada en calquera momento, ao seu ritmo, e coñecer así, un pouquiño máis de preto, parte da nosa historia e patrimonio.

Neste eido, co fin de modernizar a imaxe turística de Barreiros e adaptarnos ás novas tendencias de viaxe trala irrupción da covid, creáronse novos logotipo e lema turísticos: Barreiros queda en ti. O logotipo consiste nunha B simulando un corazón no que están representadas as ondas do mar, as praias e o interior do municipio a través da cor verde.

Co lema preténdese transmitir unha imaxe de proximidade co viaxeiro, hospitalidade e experiencias turísticas en contacto coa natureza e a esencia do destino.

Co lema preténdese transmitir unha imaxe de proximidade co viaxeiro, hospitalidade e experiencias turísticas en contacto coa natureza e a esencia do destino.



A alcaldesa, supervisando as obras da pista de skate

Remata a instalación da pista de skate

Rematou a montaxe do novo parque de skate de San Cosme de Barreiros, financiado pola Deputación Provincial de Lugo. O espazo, situado na parte traseira do teleclub, contará con catro elementos para a práctica desta modalidade deportiva, parte deles xa instalados e dispoñibles para a mocidade do municipio.

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, explicou que "coa habilitación desta zona se atende unha demanda da rapazada de Barreiros, á que se ofrece unha

alternativa da que ata agora non dispoñía". Engadiu que "a creación do parque de skate enmárcase dentro das actuacións do goberno municipal para dotar a Barreiros de novas zonas de ocio adaptadas a todas as idades e preferencias".

Esta obra contou cunha achega do ente provincial de 23.053,90 euros e foi realizada pola empresa pública Tragsa, mentres que o propio Concello de Barreiros destinou 1.011,85 euros de fondos propios.

Abre nunha nova ubicación a oficina de Turismo local



A nova oficina de Turismo de Barreiros

O venres 26 de marzo e de cara á Semana Santa abriu a Oficina de Turismo de Barreiros que conta cunha nova ubicación. Este servizo préstase no recibidor da entrada do Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro.

O horario de atención ao público durante a Semana Santa foi desde o venres 26 de marzo ata o sábado 3 de abril polas mañás de 10.00h a 13.30 horas e polas tardes de

16.00h a 19.00h. O domingo 28 e luns 29 permaneceu pechada.

O Concello formalizou a contratación dunha nova Técnica de Turismo no mes de xaneiro. Dende o primeiro momento estívose traballando na adecuación deste espazo para a prestación deste servizo demandado por veciños e visitantes. Así, dotouse de mobiliario e adaptouse o espazo á normativa Covid e ás necesidades propias deste traballo.

O 11 repetirase a ruta xeolóxica polo litoral



No Concello de Barreiros atópanse encantados co elevado interese que espertou esta actividade xeolóxica na que se visitarán lugares onde se aprecian rochas subvolcánicas, pregues tumbados e se falará de acontecementos xeolóxicos que sucederon hai centos de millóns de anos. Tamén haberá tempo para achegarse aos restos de primitivos arrecifes para, finalmente, rematar na praia de Arealonga na cal se atopan vestixios dunha antiga fraga. Estará guiada polo xeólogo Francisco Canosa.

Resaltan a importancia de ver as praias como un espazo natural cunha interesante historia xeolóxica,

sen esquecer que tamén dispón dunha ampla biodiversidade a ter en conta á hora da súa visita e disfrute.

O día 30 de marzo abriuse o prazo para a inscrición nesta actividade e antes das 10.00h da mañá xa estaban cubertas as prazas comezando a ter lista de agarda, a cal ao longo destes días se foi incrementando. Así, ante esta circunstancia, decidiron organizar outra ruta co mesmo percorrido para o domingo 11 de abril, co fin de darlles a posibilidade ás persoas que forman parte da devandita lista de agarda de coñecer este interesante tramo do noso litoral dende a perspectiva xeolóxica.

Comezan as obras nas vías municipais

Barreiros deu comezo aos traballos de mellora e arranxos en vías municipais que estaban a espera da meteoroloxía. A mellora do tempo permite iniciar traballos de arranxos en vías municipais, que comezaron a pasada semana co selado de varios camiños no 2019 e cuxo remate non foi aceptado polo actual goberno.

Os traballos realizados nas parroquias de Celeiro e San Miguel refírense a camiños proxectados con abeiro ao Plan Único do 2018, que foi executado na súa maioría nas semanas previas ás eleccións do 2019. A solución adoptada á hora de dotar de firme estas vías municipais non foi satisfactoria, por non ter resistencia suficiente ao seu uso, polo que o actual goberno, con carácter previo á devolución do aval de ditos obras, requiriu unha mellora das vías que amosaban un deterioro importante. Desde o concello anuncian que nos vindeiros días se iniciarán as obras correspondentes ao plan marco de camiños, que financia a Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural, e do plan único do 2020, con fondos provintes da Deputación de Lugo. Estas obras mellorarán varias vías na parroquia de San Cosme, Benquerencia, San Miguel, Celeiro, Vilamar, Cabarcos e Vilamartín Pequeno. Ademais, xa está en marcha a aprobación do plan único e o plan marco do ano 2021, que achegarán arranxos a parroquias, como Reinante, San Xusto ou Vilamartín Grande.

EN BREVE

PREMIO. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de entregar os premios aos nove escolares gañadores do certame de Poesía de Nadal que convoca a Biblioteca Pública de Lugo, en colaboración con outras bibliotecas públicas da provincia. Na categoría ata 8 anos, o primeiro premio foi para Paula Méndez Bajatierra, de Barreiros.

FOLLETO. A Asociación de Hostalaría de Barreiros vén de editar un folleto turístico en formato papel e en formato dixital para promover os atractivos turísticos do municipio e do entorno. Trátase dunha publicación de catro corpos, plegable, que presenta Barreiros como destino turístico -dentro do xeodestino A Mariña Lucense- comunicando os valores que o diferencian, como a súa historia, a súa costa paradisíaca ou un interior rico e diverso atravesado polo Camiño de Santiago do Norte e con espazos tan emblemáticos dentro da Mariña, como son a Fervenza do Santo Estevo do Ermo, o círculo lítico A Roda ou o monte Comado.

PLAN ÚNICO

A Deputación inxectará máis de 5M€ na comarca

Os fondos destinaranse principalmente a obras, fomento do emprego, axuda no fogar e medidas covid

A Deputación de Lugo, a través do programa do Plan Único 2021 realizará unha inxección de máis de 5M€ nos concellos da comarca da Mariña. Os municipios priorizan os investimentos, aos que dedicarán case 3M€; seguido da creación de emprego, á que se destinará o 14% dos fondos e cos que se crearán 56 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 700.000€ para atender unhas 770 persoas. Dedicarán tamén preto de 400.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da Covid-19.

Case o 60% dos fondos, 2,9M€, destínanse a 49 obras e subministracións

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, subliñou a importancia de darlle o visto bo a estas actuacións no mes de marzo porque “nunca antes se fixo con



tanta antelación, o que permite que os concellos se organicen mellor e teñan máis tempo para desenvolver as actuacións”. Engadiu que co Plan Único 2021 a Deputación axuda aos concellos “en todas as materias que son da súa competencia e que en moitas ocasións teñen dificultades para prestar por si sós, como son o arranxo de vías municipais, a creación do emprego, ou o Servizo de Axuda no Fogar”. Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, asegurou que o Plan Único, o principal instrumento de cooperación da Deputación cos concellos, amosa a capacidade de xestión da institución para poñerse ao servizo das entidades locais. “Este programa serve para dotar con fondos económicos aos concellos e darlles capacidade de actuación, xa que a maioría son concellos pequenos e por si sós non poden afrontar moitos investimentos”, explicou. Así mesmo, destacou que o Plan Único “é unha medida axustada e atinada”, e apuntou que é “un modelo a seguir para outras administracións galegas que aínda non contan con ferramentas deste estilo”.

PRIORIDADES DOS CONCELLOS

Para o Plan Único a Deputación achega á Mariña máis de 5M€ que, sumando as achegas dos concellos, consegue inxectar na sociedade e na economía deste territorio case 5,8M€ de fondos públicos. Os concellos presentaron as súas propostas para destinar esta achega da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades

culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras, mercados e análogos; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria actual da covid-19.

3 MILLÓNS PARA OBRAS

Dos máis de 5M€ do conxunto do programa, 2,9M€ vanse destinar a investimentos. Destacan as melloras e acondicionamento de estradas, accesos a núcleos de poboacións e pavimentación de vías públicas. En total son 49 obras ou subministracións, repartidas entre os 16 concellos da comarca. Estas actuacións servirán para renovar pavimentos en estradas, pistas e camiños municipais, mellora do alumeadado público para facelo máis eficiente e dotar de novos puntos de luz a diferentes parroquias da provincia, mantemento de parques e xardíns, recuperación industrial, elaboración de inventario e, en definitiva, á atención de necesidades particulares que presenta cada unha das localidades en materia de infraestruturas.

725.000 PARA EMPREGO

En relación co fomento do emprego, os concellos destinarán 725.000€ a impulsar iniciativas que permitan a creación de postos de traballo no municipio. Un programa moi importante que permite que as persoas consigan asentarse no lugar onde residen e combater así o reto demográfico, á vez que se fai fronte ao desemprego e se xera riqueza en cada unha das localidades. En total, vanse crear 56 postos de traballo entre os que destacan os enfocados ao ocio e tempo libre,

á construción e ao sector primario, entre outros.

700.000 EN AXUDA NO FOGAR

En materia de servizos sociais, o Plan Único é o instrumento a través do que a Deputación financia o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Os municipios da comarca da Mariña recibirán máis de 700.000€, cos que poderán axudar a uns 770 veciños e veciñas, esta prestación social, que inclúe un conxunto de atencións e coidados moi variados e necesarios. En cada caso, realízase unha valoración técnica que dita que tipos de actuacións son necesarias levar a cabo para dar unha resposta o máis axeitada posible. Entre esas actuacións inclúense atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no domicilio, acompañamento e seguimento de tramitacións e





AUTONOMÍA E RESPONSABILIDADE MUNICIPAL

Con este programa de investimentos a Deputación de Lugo dá resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía xa que son eles os que deciden en que e como gastar as achegas. Ponse de manifesto que a cooperación entre administracións é a canle para satisfacer as necesidades dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, en accións de gobernanza, deseñadas e aplicadas pensando nas persoas. O Plan Único de Cooperación cos Concellos garante a distribución de fondos públicos con total transparencia e con criterios obxectivos, como son a poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa

de envellecemento, un feito que favorece a equidade e o desenvolvemento equilibrado da sociedade e do territorio. Ademais, establece unha contía máxima de 500.000€ e mínima de 200.000€, en función destes criterios, para blindar o financiamento daqueles concellos máis pequenos. Este programa é a mellor mostra de que a suma de esforzos, entre Deputación e os Concellos, multiplica os resultados. A día de hoxe é unha fonte de recursos fundamental para impulsar o desenvolvemento e a cohesión social e territorial dos 67 concellos de Lugo a través da dotación, a mellora e o mantemento de servizos e infraestruturas.

A institución provincial creará máis de medio centenar de postos de traballo

ANTELACIÓN E FACILIDADES

A edición do Plan Único 2021 foi a primeira que contou coas súas bases aprobadas no ano anterior ao seu período de vixencia, un aspecto moi importante para os concellos porque lles permitiu unha maior previsión para a xestión dos recursos e a contratación das obras. Así mesmo, a Deputación de Lugo puxo á disposición das administracións municipais outras facilidades como a opción de

que poidan imputar os gastos de contratación do persoal e os investimentos licitados dende principios deste ano, é dicir, poderán xustificar aqueles desenvolvidos dende o 1 de xaneiro de 2021. Os concellos dispoñen de prazo máximo para executar as accións que contemplan no Plan Único ata o 31 de outubro de 2022. No caso da xustificación destes investimentos, terán ata o 15 de novembro de 2022.

As entidades locais decidiron destinar preto de 400.000€ do Plan Único a medidas para paliar o impacto da pandemia

atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, entre outras, que contribúan a mellorar a calidade e ritmo de vida que levan. O SAF, á súa vez, é un servizo que xera un gran volume de emprego nas distintas localidades da provincia. A maior parte das persoas que traballan no SAF son mulleres que residen no propio municipio, un feito que lles permite desenvolver a súa vida profesional sen ter que realizar grandes desprazamentos e avanzar en materia de conciliación.

400.000 PARA MEDIDAS COVID

Así mesmo, o Plan Único recolle nesta anualidade unha nova liña que se creou no 2020 para que as entidades municipais poidesen facer fronte a gastos correntes derivados da pandemia da Covid-19. En total, os concellos decidiron destinar preto de 400.000€ para esta finalidade, co que poderán mercar material de protección, conceder axudas directas a autónomos e empresas ou lanzar programas que

contribúan a paliar os efectos e consecuencias da pandemia na súa localidade. Por exemplo, é o caso do Concello de Viveiro, que ten previsto destinar 200.000€ a este fin; tamén o Concello de Ribadeo, que destinará máis de 93.000€; importante tamén é o que se vai investir en Burela, cunha partida de 68.000€; en Mondoñedo, máis de 18.000€ e o de Vicedo, cunha partida de 9.100€.

Por outra banda, ao abeiro do Plan Único, os concellos inclúen actividades ou eventos de promoción turística. Para este programa destinaranse case 44.000€ para o total dos municipios deste territorio, entre os que destacan novas visitas guiadas no Concello de Alfoz para coñecer a súa historia e a súa arte; rutas xeolóxicas en Burela; a Festa da Faba 2021, do Concello de Lourenzá ou a promoción de localidades como O Vicedo.

Así mesmo, este ano os concellos seguen apostando por investir na mellora da administración electrónica e de protección de datos, un programa que supera

os 60.000€ no seu conxunto. Os concellos de Alfoz, Burela e Viveiro contemplan fondos do Plan Único 2021 neste sentido.

O Plan Único tamén inclúe nas súas bases un apartado propio para Protección Civil ao que poden acceder aqueles municipios que dispoñen destas agrupacións.

Neste programa este ano vanse incluír gastos correntes relativos a estas unidades que ascenden a 14.500€. No caso da Mariña, os concellos de Burela e Mondoñedo contéplase a adquisición de novos vestiarios.

Pola súa banda, en actividades culturais tales como escolas de música, teatro ou actuacións ou eventos que se celebren no ano 2021, o orzamento ascende a 83.139,20€.

A Deputación fomenta, así mesmo, o deporte a través deste plan de cooperación. Un total de 70.000€ van destinados a gastos de escolas deportivas, cursos de ximnasia, ou calquera outro evento co espírito de promover os hábitos saudables dende a óptica deportiva.



o valadouro



Colocan 1500 trampas para vespas velutinas

O Concello do Valadouro empeza por cuarto ano consecutivo o trampeo de velutina.

Nesta primavera de 2021 o Concello instalará máis de 1500 trampas repartidas en 6 quincenas, cubrindo toda a extensión do municipio e potenciando as zonas onde máis niños se detectaron en 2020.

Este será o cuarto ano que se realiza o trampeo, desde que empezou a extensión da velutina, o número de niños sempre ía en aumento ano tras ano ata que en 2018 comezouse a realizar un trampeo a gran escala. O trampeo combinado coa retirada de niños foi a única forma de manter que o número de niños que se detectan no verán quedase reducido un 80%.

A implicación dos apicultores locais e veciños do municipio nestes últimos anos sempre foi un aliado á hora de aumentar o número de trampas que se colocan, sempre que se empeza o trampeo paralelamente faise unha campaña de divulgación e sensibilización.

Realizar unha trampa é algo rápido e sinxelo, cunha simple botella de auga ou refresco con dous buracos enfrontados rechea con zume de arandos e mesturado cun pouco de cervexa negra, podemos atrapar esa raíña de velutina que elixiu o noso xardín para pasar o inverno aletargada.

Última semana para solicitar praza na escola infantil

O Concello de Valadouro mantén aberto o prazo de inscrición para o curso 2021-22 nas escolas infantís de rede A galiña azul. O tempo que para efectuar a solicitude prolongarase ata o día 12.

As solicitudes de novo ingreso (procedemento código BS402A) presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En exposición pública o Plan contra incendios forestais



O Goberno do Valadouro aprobou no último pleno o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. De conformidade co disposto no artigo 83, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas está exposto ao Público polo prazo de vinte días hábiles aos efectos do seu exame e presentación das reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, en varios niveis: galego, de distrito, municipal e inframunicipal. No seu artigo 7 atribúe a competencia dos concellos de elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

O obxectivo principal do Plan Municipal de Prevención e a defini-

ción da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, estratéxicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

O documento recolle as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais efectuando unha análise da situación actual, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

No documento recóllese tamén a relación de parcelas afectadas. Nese listado pódense consultar as referencias catastrais, a superficie total e a superficie de afección de cada una das parcelas. Estas están agrupadas polo número de plano no que aparecen representadas graficamente. Dita relación poderá verse afectada pola modificación do parcelario ou por correccións ou actualizacións do presente Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

O PSOE levou ao Pleno dúas peticións para a Xunta

O PSOE do Vicedo defendeu no Pleno ordinario dúas mocións dirixidas á Xunta de Galicia nas que solicitan por unha banda a creación dun fondo covid destinado aos concellos galegos e, pola outra, a posta en marcha dun plan de xestión do xabaril.

Así, con respecto á primeira idea, os socialistas queren que se cree un fondo extraordinario no orzamento da Comuni-

dade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, alo menos, 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos. Tamén pediu o respaldo do Pleno para incentivar ao Goberno autonómico a poñer en marcha un Plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.

Comeza en Ferreira a reorganización do tráfico

O Concello do Valadouro iniciou os traballos para levar a cabo o proxecto de organización do tráfico na vila de Ferreira, que ten como obxectivo axilizar a circulación no centro urbano. A empresa adjudicataria procedeu ao corte de rúas mentres se realizan os traballos de pintado e sinalización.

No novo plantexamento, organizouse o tráfico en base a catro mazás para que os vehículos podan xirar arredor do pobo e que sexa máis sinxelo o acceso ao centro ao mesmo tempo que se engaden prazas de aparcamento.

O cambio máis destacado é o cambio de sentido na entrada á vila desde a avenida de Mondoñedo, xa que o tráfico entrará de fronte na praza de Santa María pola rúa Andrés López Palmeiro. Unha vez na praza poderase seguir de fronte por López Palmeiro, virar á dereita

e meterse na praza ou ben virar á esquerda e saír da vila cara ao parque de Rosalía.

No barrio de Triana farase outra mazá habilitando dous sentidos de xiro. Por esta zona poderase saír da praza polo parque e tamén entrar desde a ponte á praza e virar por Andrés López Palmeiro.

A terceira mazá sería a formada pola rúa do Xistral, que enlazará coa avenida de Viveiro, que será de sentido único de saída e contará con aparcamentos en batería, coa Avenida da Veiga pola rúa Fonte Nova. E desde a avenida de Viveiro tamén se poderá volver ao centro virando pola rúa Caiado.

Diante do consistorio habilitouse unha zona de aparcamento para que as persoas que vaian facer trámites poidan deixar o coche xusto diante o tempo que estean no interior.



MERCADO PRIMAVERA. O Concello do Valadouro fallou o premio de vestimenta tradicional convocado a través de Facebook con motivo da cancelación do Mercado de Primavera. A gañadora do certame foi Rita Bouza, con 1.079 gústame, que recibirá un vale para trocar no comercio local. O segundo clasificado foi o trío formado por Óscar, Yova, Perla e Platero, que recolleron 727 votos. En terceiro lugar quedou o pequeno Alexandre Rejes Canoura, con 650 mostras de apoio.

o vicedo

Reabre o acceso ao Fuciño do Porco tras as reparacións

O Concello do Vicedo volveu abrir antes de Semana Santa o paso ao Fuciño do Porco tras permanecer pechado varios días mentres se acometían traballos de reparación debido a uns desprendementos. O Concello lembra que non é necesario contar con reserva previa para visitar a zona xa que este sistema úsase só para os meses de xullo e agosto.

As obras que se realizaron estaban ao cargo da empresa Caferlo e foron encargadas entre o Concello do Vicedo e a Autoridade Portuaria de

Ferrol-San Cibrao, á que pertence a baliza situada na punta do istmo.

As obras consistiron na reparación da escaleira da entrada e da contorna, onde tamén rompeu a baranda de protección. De feito, estudan a posibilidade de cambiar a escaleira de sitio para evitar os danos que se producen case todos os anos, xa que cede o terreo habitualmente. O alcalde, Jesús Novo, lembrou que segue esperando os permisos para poder acometer a obra de ampliación do aparcadoiro no Fuciño do Porco.

O Concello espera luz verde para refacer a ponte de Guilifonso

O alcalde de Alfoz, Jorge Val, indicou que o Concello está á espera dos permisos de Augas de Galicia que lles permitan iniciar as obras de reposición da ponte de Guilifonso. Esta ponte foi derrubada durante un temporal por unha enchente. Naquel momento a ponte que-

dou totalmete destruída e o obxectivo agora é a súa reposición dende o inicio. As obras de construción teñen un orzamento de 100.000 euros e en canto estea o permiso licítaranse as mesmas. Val adiantou que tamen están a piques de licitar as obras do Plan Único.

Celebración do Día do Libro e concurso das Letras Galegas

A Biblioteca municipal de Alfoz acollerá o sábado 24 abril unha actividade infantil de cara á celebración do Día do Libro. Trátase dunha actividade para nenos de 3 a 12 anos que se desenvolverá entre as 17.00 e as 19.00 horas. Os interesados en participar poden anotarse entre o 19 e o 22 de este mes no Concello a través da ficha electrónica ou chamando ao 982 558 001.

Por outra banda, a Biblioteca Pública convocou a fase local do certame de narración e debuxo infantil con moti-

vo das Letras Galegas. O tema elixido nesta ocasión é *O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural*. No certame poden participar todos os nenos e nenas que así o desexen, con narracións en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha cara, ou con debuxos feitos sobre cartolina DIN-A4.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B, de 9 a 11 anos; e C, de 12 a 16 anos. Os traballos deberán entregarse na Biblioteca Pública e o prazo pecharase o día 7 de maio.

vegadeo



Operarios retirando unha árbore caída

Acondicionan o Lormes

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de acondicionamento, conservación e mellora en tres tramos do arroyo Lormes á altura de Meredo, no termo municipal de Vegadeo (Asturias).

Os traballos consistiron na roza das marxes, a retirada de árbores caídas e outros restos vexetais acumulados no leito, e tamén se tallaron árbores secas, enfermos ou con risco de caída.

A actuación supuxo un investimento final de 11.061,14€.

Estes traballos realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve CHCantábrico, fóra das zonas urbanas onde estes labores son competencia dos concellos. Durante o pasado ano investíronse en Asturias 2,23 millóns de euros (cun total de 103 actuacións en 42 concellos).

Polo envellecemento activo

No programa ActivaMente participan actualmente unhas 36 persoas de entre 58 e 90 anos, que loitan contra o paso do tempo cun programa de actividades



Participantes no programa de Envellecemento activo de Alfoz

Por Claudia López

O chamado Envellecemento Activo é un termo acuñado pola OMS que abrangue a todos aqueles procesos, programas ou propostas que, traballando dende os piares do benestar físico, mental e social, teñan como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas que envellecen. A delegación de Servizos Sociais do Concello de Alfoz, encabezada pola concelleira Ana Aránzazu Incera, comezou no ano 2015 un proxecto que pretendía axudar a garantir ese benestar a aqueles colectivos do municipio mariñán que o precisaran. O programa ActivaMente está coordinado por Tatiana Barreira e pon o seu foco no envellecemento activo combinando varias fórmulas, “por un lado facilitamos un espazo de encontro para crear amizades e relacionarse, para a xente xubilada é moi importante seguir mantendo contacto cos demais. Tamén estimulamos a súas capacidades cognitivas, o cerebro necesita estar en forma. Ademais promovemos a programación municipal na que hai actividades coma o ioga ou a ximnasia de mantemento. A vantaxe do noso programa é que aínda que alguén teña problemas de mobilidade, iso non lle impide participar”. Esta educadora social e psicopedagoga recorda que “as raíces do programa xurdiron no ano 2013, cando un certo grupo de persoas demandaban actividades que lles

axudasen a estar activos e se puidera crear así un espazo de encontro”. No seu inicio ActivaMente estreouse como un taller de memoria xunto coa escola de maiores, con menos de dez participantes, pero pouco a pouco o proxecto foi tomando forma e, na actualidade, grazas ao boca a boca, forman parte un total de 36 persoas, sobre todo mulleres, de entre os 58 e os 90 anos. Malia a pandemia, este derradeiro curso houbo catro incorporacións.

CENTRO SOCIAL. As actividades desenvólvense no Centro Social de Alfoz dende outubro a xuño. Antes da covid19 os participantes acudían tódolos mércores de dez a doce da mañá para traballar diferentes competencias: “comezabamos as sesións con dinámicas de grupo nas que poder implicar a coordinación motriz, despois pasábase a actividades enfocadas á cognición: de concentración, razoamento, linguaxe, escritura, cálculo... E volvíamos rematar con algunha outra dinámica”. Tatiana traballa co seu grupo de maneira transversal durante todo o curso, establecendo niveis de aprendizaxe en función das necesidades de cada persoa e tratando temas de actualidade, “facemos actividades relacionadas coa igualdade, co xénero, coa saúde, coa xeografía... as veces pensamos que os maiores non saben do que se fala agora, pero si teñen moito que aportar”. Aproveitában-

se ademais as festividades coma o entroido, o nadal ou o samaiñ para facer talleres temáticos, realizar traballos manuais e celebrar xuntos. Colaboraban tamén realizando actividades con outras institucións coma centros educativos e diferentes fundacións e utilizábanse recursos coma a musicoterapia. A raíz da situación sanitaria tivo que mudar a forma de traballar, posto que se trata dun colectivo de risco.

“Agora soamente veñen unha vez ao mes porque traballan mediante cadernos que fan na casa. Doulles actividades mensualmente, veñen a entregarmas feitas e vólvolles dar o caderno novo. Botamos de menos o contacto, hai xente que vive soa e necesita socializar. Como xa crearon comunidade a veces falan entre eles para resolver os exercicios ou se teñen dúbidas”. Malia esta complicada situación o proxecto ActivaMente continúa e, cando a situación mellore, volveranse facer as actividades habituais. Ademais, tratábase de integrar a outros colectivos nas actividades, como coa participación de nenos e nenas e incluíranse novos contidos como o uso das novas tecnoloxías, algo moi demandado despois da pandemia. A inscrición a esta actividade é totalmente gratuíta, en setembro anunciábase o prazo para anotarse no Concello, pero a convocatoria está aberta todo o ano mentres haxa prazas libres.



riotorto

Acaban obras en 4 centros sociais e o abastecemento a Chacín

Remataron en Riotorto as obras de mellora das catro asociacións veciñais do municipio – Escola da Asnela de Espasande de Arriba, Augaxosa, Chacín e Vilaseca- que recibiron 68.000 euros na convocatoria do ano pasado das axudas do Plan específico de acción comunitaria da Xunta.

No centro social de Espasande de Arriba, a subvención de 17.000 euros concedida á asociación veciñal Escola da Esnela posibilitou substituír a cuberta do inmobile, xa que o tellado atopábase moi deteriorado, así como instalar un baño adaptado e unha rampla de formigón na entrada para as persoas con mobilidade reducida, ademais de dotar o edificio do mobiliario axeitado para as actividades que realiza a veciñanza. Ademais, o local da asociación de veciños de Augaxosa, que cunha inversión tamén de 17.000 euros, ampliouse de maneira que o edificio conta agora con 24 metros cadrados a maiores. Deste xeito, acadouse máis espazo para a realización das diferentes actividades que organiza o colectivo veciñal.

A mesma contía recibiu a asociación de Chacín para a rehabilitación da cuberta co obxectivo de



Supervisaron a finalización das obras en Chacín

evitar humidades e a instalación dunha rampla de acceso á planta baixa, así como a adquisición de material. E no caso de Vilaseca a axuda da Xunta permitiu mellorar a accesibilidade, acondicionar e pechar o local da barbacoa, ademais do pintado de varias zonas de local e a renovación de parte do mobiliario.

CHACÍN. Tamén remataron as obras realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, para dotar dunha rede de saneamento o núcleo de Chacín. A Xunta

destinou 48.300 euros a executar esta infraestrutura, mediante a instalación dunha rede de colectores e un sistema de depuración de tipo fosa-filtro. Deste xeito canalízanse as augas residuais procedentes dunha trintena de vivendas cara o punto de depuración a través de tubaxes de PVC. Arias informou de que a Xunta mantén aberto ata o día 26 de abril o prazo de solicitude das axudas destinadas aos concellos cunha poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes para executar obras de abastecemento, saneamento e depuración.

Remata a concentración parcelaria en Órrea

O conselleiro do Medio Rural, José González, presidiu a entrega de 1.437 títulos de propiedade da concentración parcelaria de Órrea-Galegos a case 500 veciños. Deste xeito, dáse por concluído un proceso que afectou unha superficie de 1.270 hectáreas e no cal se investiu preto de tres millóns de euros.

Así, e cumprindo todas as medidas sanitarias exixidas, o conselleiro xunto coa directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, participaron na entrega destes documentos que acreditan a titularidade desas 1.437 parcelas finais. Neste senso, José González sinalou que a superficie media por parcela aumentou considerablemente, xa que ao inicio desta parcelaria había algo máis de 9.000 predios, o que demostra que estes procesos de reorganización do territorio son fundamentais para paliar o minifundismo, dende o punto de vista da estrutura da propiedade, e reducir os custos de produción das explotacións da zona.

Precisamente, o titular de Medio Rural afirmou que por cada concentración rematada, o Goberno galego iniciará un novo proceso para ordenar o territorio rural, poñer en valor as terras e anticiparse aos lumes. Nesta liña, José González subliñou que se apostará tamén por instrumentos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. González avanzou que ten previsto decretar proximamente dúas novas parcelarias e, ademais, acábase de poñer a exposición pública -no Diario Oficial de Galicia- o estudo previo de iniciación de novos procesos en Viladonga, no concello lugués de Castro de Rei, e en Seoane da Pregación, no tamén lucense municipio de Friol.

Reabre o prazo para o VI Concurso Avelino Díaz

Os concellos de Riotorto e Meira, coa colaboración da AC Avelino Díaz, retomaron a convocatoria do IV Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz que foi suspendido no mes de marzo debido á pandemia. Esta nova convocatoria mantén a mesma regulamentación. O concurso divídese en catro categorías de idade. Os máis pequenos só terán debuxo e os demais só a de poesía.

No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas deberán estar escritos en galego, cunha extensión mínima de oito versos e unha máxima de 80.

O prazo de presentación é ata o 22 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Os premios constan de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O fallo do xurado darase a coñecer na primeira semana de xuño.



BELOSIÑA. Remataron as obras de recuperación do patrimonio natural na área da Belosiña. Elimináronse nesta fraga varios exemplares de eucaliptos, acacias e pinos e repoboaron con castiñeiros coa finalidade de preservarllos. Así mesmo, colocaron seis paneis informativos, tres nesta Fraga e outros tres na Área de A Chozas de Ría de Abres, coa caracterización de paraxe natural. Recibiron unha achega de 19.932 euros.

xove

Estrenouse o videoclip Veleno



Un momento da gravación do videoclip

Estrenouse *Veleno*, videoclip musical do grupo de música folktrónica Baiuca, que nesta ocasión estivo acompañado por Rodrigo Cuevas. O vídeo foi dirixido polo xovense Adrián Canoura.

O vídeo rodouse durante o mes de xaneiro en Xove, especialmente nas ruínas de San Tirso, na Parroquia de Portocelo. Entre as colaboracións, por parte xovense está o grupo Saiñas de Xove, un de cuxos componentes, Uxío Da-

yán, aparece como bailarín. Tamén participou a xovense Nuria Lestegás como meiga 2.

Por outra banda, o Concello de Xove contribúe ao patrocinio deste vídeo cunha aportación de 1.800 euros, xa que se considerou que axuda a promocionar Xove no exterior, dado que se trata dun produto cultural con moita difusión a través das redes: youtube, instagram, Facebook, etc.

1.500 trampas para velutinas

O Concello de Xove acometerá un proceso de trampeo da vespa velutina.

Nesta primavera de 2021 o Concello instalará máis de 1.500 trampas xeolocalizadas, cubrindo toda a extensión do municipio e potenciando as zonas onde máis niños se detectaron en 2020. O obxectivo é evitar a entrada desta especie dende os concellos limítrofes, razón pola que se reforzará esa zona.

A implicación dos apicultores locais e veciños do municipio é fundamental para proceder a esta acción.

A concelleira de Agricultura, Dolores Meitín, lembra que esta operación se realiza por segundo ano consecutivo a través da empresa Serpa, que consiste na colocación de trampas con líquido atraente especial para a captura de raíñas tras o letargo invernal. O ano pasado lograron reducir os niños nun 60%. Realizar unha trampa é algo rápido e sinxelo, cunha simple botella de auga ou refresco con dous buracos enfrontados rechea con zume de arandos e mesturado cun pouco de cervexa negra, pódese atrapar á raíña.

O Concello dará axudas aos hostaleiros de ata 3.500 euros

“O Concello de Trabada impulsará un paquete de axudas económicas destinadas aos servizos de restauración da vila, que complementarán as medidas que xa puxo en marcha o Concello de Trabada durante o ano pasado, para o pago aluguer, co fin de contrarrestar o impacto económico da covid-19 no Concello”. Así o avanzou a rexedora Mayra García, quen remarcou “habilitaremos un crédito extraordinario, dentro das contas municipais, incluídas no orzamento do 2021 para contribuír a dinamizar o noso tecido económico”.

“Dende o Concello somos conscientes da situación que están atravesando os nosos autóno-

mos, o pequeno comercio, e por suposto o servizo de restauración de Trabada, un gremio moi prexudicado pola crise sanitaria debido aos peches dos establecementos e as restricións horarias. Por iso queremos anunciar que o Concello establecerá axudas ata un máximo de 3.500 euros para que podan recuperarse desta situación tan excepcional”. Esta contía económica equivale á cota de autónomos anual, a través dela, poderanse subvencionar os gastos derivados desta cota, os seguros de responsabilidade civil, así como diversos subministradores correntes (como o teléfono, luz, auga, combustible...), sinalou a rexedora.

Desde o Equipo de Goberno de Trabada creemos que é imprescindible poñer en marcha iniciativas e propostas que contribúan a paliar a situación actual, coa pandemia da covid, pero sempre dentro da capacidade económica que nos permite o Concello, que nada ten que ver ca de outras administracións, que ademais son competentes na materia. “Por iso en abril, habilitaremos o crédito coa finalidade de xestionar unha convocatoria de axudas dirixida ao sector hostaleiro co obxectivo principal de mitigar efectos negativos que están sufrindo estas empresas, asegurando a continuidade e viabilidade económica da súa actividade tras a crise da covid-19”.

Remata a obra da pista de pádel

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez informou que o Concello xa rematou a obra de construción da pista de pádel da vila.

A rexedora remarca que “o principal obxectivo deste proxecto é proporcionar ao municipio de Trabada, e a todos os seus veciños e veciñas, unha nova instalación deportiva para a práctica dun deporte en auxe como é o pádel. E lembramos que facémolo porque é unha demanda veciñal, e ao mesmo tempo dámoslle utilidade a un espazo que non o tiña”.

Ademais dende o Concello tamén avanzan que “o Goberno Municipal de Trabada xa está traballando en impulsar e promover máis proxectos para este emprazamento, co fin de que contribúan a mellorar as nosas dotacións públicas. Para isto, incluímos este investimento dentro do Plan Único da



A nova pista de pádel de Trabada

Deputación de Lugo na anualidade do 2020, cunha achega económica de 35.072,66 euros”.

“Dende o Goberno Municipal de Trabada decidimos incluír a ubicación desta pista de pádel na instalación do campo de fútbol municipal, xa que este emprazamento non cumpría as medidas

regulamentarias, e tampouco era utilizado pola veciñanza. Agora esta a disposición de todos os veciños e veciñas, e sobre todo cumprindo tódalas medidas necesarias para ser utilizado con toda a seguridade que require calquera práctica deportiva”, explicou a rexedora.



Acto de presentación do Plan Básico Municipal

Trabada ten aprobado inicialmente o seu Plan Básico Municipal

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aprobou inicialmente o Plan Básico Municipal (PBM), que se converte deste xeito no terceiro concello da provincia de Lugo e no quinto de Galicia que supera este trámite e segue avanzando para dotarse dun novo instrumento de ordenación, previsto na Lei do solo de 2016.

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse coa alcaldesa de Trabada, Mayra García, para notificarlle a sinatura da orde de aprobación inicial do PBM, unha ferramenta pensada para que os concellos de menos de 5.000 habitantes e sen planeamento xeral -37 en toda Galicia- poidan desenvolver certa actividade urbanística pero sen establecer criterios de crecemento urbano.

Cómpre lembrar que para axudar e motivar a estes municipios a tramitar un plan básico, a Xunta decidiu asumir directamente a redacción do primeiro, o do Concello do Páramo, ademais de colaborar técnica e economicamente con outros oito concellos, que xa teñen nestes momentos moi avanzada a tramitación dos seus respectivos PBM (Ri-

beira de Piquín, Riotorto, Cartelle, Padrenda, Porqueira, Triacastela, San Xoán de Río e Trabada).

SOLO URBANO E NÚCLEOS RURAIS. Este PBM clasifica como solo urbano o núcleo de Trabada, que ostenta a capitalidade do concello ademais de ser o principal e máis poboado, onde se sitúa a casa consistorial así como outros edificios administrativos e de servizos, con tecido de malla urbana e que cumpre cos criterios legais esixidos na Lei do solo para o solo urbano.

Tamén delimita 53 núcleos rurais dun total de 133 asentamentos de poboación identificados polo Plan Básico Autonómico, polo que 73 destes asentamentos quedan en solo rústico ao non preverse o seu crecemento, primando a rehabilitación das edificacións existentes.

O plan aprobado inicialmente tamén recolle as dotacións existentes no termo municipal e, ademais, identifica e cataloga os elementos do patrimonio cultural e natural de Trabada.

Concretamente, no documento catalóganse 21 elementos arqueolóxicos, 24 de tipo arqueolóxico, 14 etnográficos, 1 territorio histórico e 1 artístico.



MONDOÑEDO
TEN COMERCIO!
VEN A MERCAR
AO COMERCIO DE
PROXIMIDADE!

- Atoparás produtos únicos, cultivados aquí.
- Disfruta dunha atención personalizada.

- Experimenta unha nova forma de mercar e camiñar polas rúas do teu barrio.
- Vindo ao Comercio de Proximidade incentivas á economía local, fas medrar o emprego e estimulas que novos emprendedores creen negocios.

APOIAR O NOSO COMERCIO
VEN, ESTÁMOSTE
AGARDANDO!

Axudando ao Comercio

Mondoñedo ofrece tamén ao pequeno comercio un apoio de dixitalización, incluíndo ás empresas en Turisgalicia App e en Google.



Concello de Mondoñedo

Cervo prepara os seus areais para a nova tempada



Máquina traballando nos areais de Cervo

O Concello de Cervo realizou estes días traballos de limpeza e acondicionamento dos areais do municipio, tal e como vén sendo habitual por estas datas, coincidindo co período de vacacións dos rapaces a fin de proporcionarlles “ás familias e a toda a nosa veciñanza espazos seguros, ao aire libre, para poder desfrutar destes días festivos nestes tempos de pandemia”.

Tal e como constataron o rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, retiráronse madeiras, maleza, e outros materiais que foron deixando os tempo-

rais dos últimos meses, pero tamén, restos xerados polo ser humano “como feces de mascotas, plásticos, envases...”; polo que tamén quixeron facer un chamamento ao civismo “para poder desfrutar todos destes espazos únicos que temos o privilexio de ter no noso municipio”. “Esta pasada fin de semana xa vimos como as nosas praias foron, precisamente, un dos escenarios escollidos para gozar do bo tempo, e agardamos que así siga sendo sempre mantendo unha actitude responsable, para protexer e protexernos”, conclúen.

Presentan una nova tecnoloxía para a xestión forestal con drons

Presentouse no Centro Experimental Áncora en Cervo, xestionado polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), XESTAL (Xestión Forestal Sostible Mediante Teledetección Remota), a solución tecnolóxica desenvolvida por un consorcio de empresas galegas para a optimización da xestión forestal, baseada na teledetección mediante UAVS (Vehículos Aéreos Non Tripulados). Así, na demostración, un dron realizou medicións de masa forestal que permiten calcular de forma áxil a altura das árbores, o seu diámetro, especie ou volume de madeira, parámetros todos eles que en moitos casos séguense recollendo a man.

Esta proposta innovadora proporciona ás empresas xestoras de montes e á administración pública unha solución que permite un control do monte actualizado e sostible, coa máxima autonomía e o mínimo custo. XESTAL ofrece maior rapidez e precisión na medición das masas forestais. Está concibido para a optimización de procesos cruce na xestión de recursos forestais, como as actuacións que implican os Plans

de Ordenación Forestal (podas, adecuación de pistas, etc.). É, ademais, unha ferramenta moi valiosa para a xestión do monte privado e para dar soporte a procesos de sistemas de certificación forestal, como o FSC ou o PEFC.

O consorcio de entidades que desenvolveu esta iniciativa que aúna tecnoloxía e I+D, formado polas empresas galegas Aeromedia, Cerna, Balidea e Greenalia, ademais da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), e que contou coa colaboración da Xunta de Galicia, combinou o desenvolvemento dun sistema GIS (Sistema de Información Xeográfica) e dun dron, UAV de tipo VTOL (de á fixa con capacidade de despegamento e aterraxe vertical). Desta forma, o GIS permite medir e inventariar as especies forestais máis presentes na industria, como o eucalipto ou o piñeiro, reunindo nun único lugar as diferentes fontes de datos usadas, como poden ser o propio dron ou a información proporcionada polos satélites e outra cartografía basee.

O Concello eximirá ao comercio das taxas durante seis meses

O Concello de Cervo eximirá ao pequeno comercio do pago recibos da auga, do lixo e do saneamento durante 6 meses, a contar desde o mes de xullo “coincidindo co período, por norma xeral, de maior consumo”.

A medida, que suporá un aforro de entre 200 e 600 euros en función da actividade que se desempeñe, beneficiará a medio cento de emprendedores do municipio.

Villares e Caramés recoñeceron que levan tempo traballando en coordinación co servizo de tesourería e recadación para poder facer extensible a supresión da taxas, que inicialmente só se ía aplicar ao sector hostaleiro, a todo o pequeno comercio; “e hoxe podemos garantir que a exención, que implica unha modificación das distintas ordenanzas municipais, será unha realidade no verán”, e incluírase xa na orde do día do próximo pleno ordinario que se celebrará neste mes de abril.

O rexedor e a edil gabaron a pro-

fesionalidade dos pequenos empresarios que se foron adaptando a todas as medidas de prevención e seguridade que se foron aplicando para frear o avance do COVID-19 que golpeou fortemente a súa actividade e minou notablemente os seus ingresos; tentando contribuír así ao impulso dunha actividade económica que é fundamental no noso municipio”.

Por esixencias normativas, a partir do mes de xullo e con carácter bimensual, emitiranse recibos por un valor absolutamente simbólico de ao redor dun euro; á marxe do canon autonómico da auga. A medida súmase ao plan de reactivación económica e social dirixido a todos os autónomos que se puxo en marcha no pasado exercicio.

HOSTALARIA. O Concello de Cervo eximirá á hostalería do pago dos recibos da auga, do lixo, do saneamento e das terrazas finalmente durante 14 meses, 2 máis dos pre-

vistos inicialmente.

A exención destes tributos entrará en vigor o vindeiro mes de xullo “fixemos así coincidir o período cos meses de verán dos dous exercicios -2021-2022; porque sabemos que son datas nas que o consumo, por norma xeral, sofre un incremento”. O rexedor e a edil precisaron que a intención da Administración local era tamén a de asumir o pago do canon autonómico da auga, pero ao non ser un imposto municipal, por normativa legal non resulta posible; “polo que, para compensar ao sector, en coordinación co servizo de intervención e tesourería, buscamos a forma de poder incrementar ese período de exención, que inicialmente ía ser de 12 meses, a 14; “co obxectivo de poder axudar no que está na nosa man a este gremio que é un dos que máis sofren e sufriron esta pandemia; tentando contribuír así ao impulso dunha actividade económica que é fundamental no noso municipio”.

Converten as escolas vellas de San Román en centro cultural



Visita ás reformadas escolas vellas de San Román

O Concello de Cervo acondiciona unha parte das Escolas Vellas de San Román para destinalas a lugar de ensaio das diferentes agrupación locais.

O rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Cultura, Dolores García Caramés, achegáronse ata o edificio para supervisar os traballos que se realizan este días cun dobre obxectivo “brindarlle aos diferentes colectivos un espazo adecuado para o desenvolvemento da súa actividade; ao tempo que lle damos unha nova vida a este edificio municipal tan emblemático con máis dun século de historia”.

A adecuación da vella escola de San Román -inaugurada no ano 1915- vai en consonancia coa filosofía que persegue este equipo de goberno, “pois buscamos, na medida do posible, que os diferentes espazos municipais teñan a súa utilidade, poñéndoos, ao servizo da veciñanza; ben de persoas emprendedoras como no caso dos locais habilitados en Sargadelos que conforman o Centro de Emprendemento; ben ao servizo de diferentes colectivos, como neste caso, que buscamos facilitar a actividade do tecido cultural local”.

Ofertan a xestión da cafetería do club deportivo Río Cobo



Tal e como fixo cos locais do Centro de Emprendemento de Sargadelos habilitados na Antiga Nave de Fundación e nas Antigas Cabalerizas; o Concello de Cervo oferta a xestión da cafetería do club deportivo Río Cobo.

As persoas interesadas terán que asumir, tamén neste caso, un custe simbólico, xa que, en función da valoración do proxecto presentado, o canon anual fixado poderá estar bonificado ata un 90%, segundo explica a oferta municipal.

O que persegue o equipo de goberno con esta nova proposta é “darlle vida aos diferentes espazos de xestión municipal; buscando neste caso tamén unha dinamización da contorna do Río Cobo”.

O prazo para presentar as ofertas está aberto ata o 19 de abril, e as persoas interesadas poden consultar o prego de cláusulas que regularán o concurso na páxina web municipal.

Adxudicada a construción da planta de compostaxe en Cuiña

A Xunta formalizou o contrato de redacción do proxecto básico para construír unha nova planta de compostaxe de biorresiduos no concello de Cervo, a terceira das catro instalacións deste tipo que ten previsto poñer en marcha no conxunto da Comunidade. A actuación foi adxudicada por un importe de 96.800 euros, IVE incluído, e ten un prazo de execución dun mes.

A futura instalación estará localizada no polígono de Cuiña e o obxectivo é que poida dar servizo a 15 concellos do arco cantábrico galego, beneficiando a unha poboación estimada de 70.000 habitantes. En canto á súa capacidade de tratamento, prevese que poida recibir un total de 3.000 toneladas ao ano de fracción orgánica de residuos domésticos e outras 1.600 Tn procedentes de podas e restos de madeira.

Con todo este material, estímase que poderá acadarse unha produción anual de 1.500 Tn de compost de alta calidade, que se destinarán ao sector da agricultura como abono natural e sostible, en substitución dos fertilizantes artificiais.

A planta deseñárase para que poida abranguer a totalidade do pro-



ceso de compostaxe dos residuos recibidos, comprendendo as fases de pretratamento, fermentación, maduración e almacenamento, así como os correspondentes tratamentos de aire e de augas. Este proceso levarase a cabo en naves pechadas, facendo uso en todo momento das últimas tecnoloxías de tratamento, control de cheiros e ruído, e a operativa industrial da instalación alimentárase con enerxía renovable (a través de paneis solares, fundamentalmente).

En total, o investimento previsto pola Consellería de Medio Ambien-

te, Territorio e Vivenda para poñer en marcha a nova instalación en Cervo ascende a 5,5 millóns de euros e os seus beneficios faranse notar no propio municipio pero tamén nas vilas localizadas dentro do seu radio de influencia e ás que dará servizo. Neste sentido, a previsión é que, unha vez entre en servizo, a planta poida dar emprego a entre 8 e 10 persoas da zona.

A instalación proxectada en Cervo é unha das tres novas plantas destinadas ao tratamento e xestión dos biorresiduos domésticos que promove a Xunta e que se sumarán á que xa está en funcionamento no complexo medioambiental de Sogama en Cerceda. Deste xeito, e co obxectivo de que cada provincia conte cunha instalación deste tipo, as outras dúas novas plantas de biorresiduos localizaranse en Vilanova de Arousa –cuxo proxecto básico tamén foi adxudicado a principios de marzo- e Verín –actualmente, en proceso de licitación-. A Consellería reservou nos seus orzamentos deste ano 25 millóns de euros para fomentar a compostaxe coa construción destas tres novas plantas destinadas aos biorresiduos domésticos.

Reforzan en Sargadelos a información turística



Supervisión dos traballos realizados en Sargadelos

O Concello vén de reforzar a información turística, medioambiental e histórica de Sargadelos coa instalación de diferentes paneis adaptados ao espazo nos que se recolle toda a información precisa.

Os traballos consistiron na instalación de novos carteis deseñados pola propia área de Turismo nos que se identifican cada un dos elementos que compoñen o Conxunto –en tres idiomas galego, castelán e inglés-: o edificio das antigas cabalerizas e a antiga nave de fundición, que hoxe albergan o Centro de Emprendemento e Artesanía; o Paseo dos Namorados, os Antigos

Fornos ou a senda botánica.

En concreto, instaláronse dous paneis grandes con información histórica e un mapa da zona; ademais de sinalización vertical respectuosa co medio; e unha trintena de paneis que a persoa visitante pode atopar ao percorrer a Senda Botánica do Monte da Escarabelada; un camiño de aproximadamente un quilómetro poboado con especies autóctonas. Tamén se colocou un cartel informativo sobre o valor ornitolóxico da contorna, instaláronse 4 caixas niño no percorrido e procedeuse ao lixado, pulido e vernizado do mobiliario.

Apoio ás mulleres gravadas ouriñando



Concentración en Cervo en apoio ás mulleres gravadas

A Mariña saiu á rúa para reclamar que non se archive o caso das gravacións realizadas a 87 mulleres que ouriñaban na rúa na Maruxaina de 2019 e que despois apareceron colgadas en webs pornográficas.

Centos de persoas percorreron San Cibrao, desde a Praza dos Campos ata a praia do Torno pasando pola rotonda de acceso á Atalaia. Para deixar claro o motivo desta xuntanza, moitas das asistentes acudieron ataviadas coa saia típica da celebración. A concentración esti-

vo encabezada por unha pancarta co lema *Xustiza Maruxaina. Eu son unha delas. Somos todas*. Ao longo de todo o percorrido os e as manifestantes reclamaron a través dun berro unánime xustiza para estas mulleres e esgrimiron diferentes carteis.

Ao termo da manifestación, convocada por Xustiza Maruxaina, Jasone Lorenzo, en nome da asociación Mujeres en Igualdade de Burela, e Pomba Maseda, portavoz do colectivo organizador, leron senllos manifestos.

Axudas para a instalación da TDT

O Concello de Oourol convocou unhas axudas para subvencionar a instalación de receptores vía satélite (SAT-TDT) naquelas vivendas do termo municipal que non poidan captar o sinal da TDT por vía terrestre ou este sexa deficiente e facilitar, deste xeito, a súa captación a través do sistema de difusión satélite.

Os requisitos que se esixen é estar empadroadado en Oourol, como vivenda habitual no lugar onde se vai facer a instalación, dende antes do 1 de outubro do 2020.

Considéranse gastos subvencionables o custo do receptor TDT-SAT e os gastos derivados da súa instalación, máis a sintonización das canles no dispositivo instalado, (IVE incluído), ata un máximo de 400 euros por domicilio. Os gastos subvencionados deben realizarse antes do 15/05/2021.

As instalacións deben ser efectuadas por unha persoa física ou xurídica, que teña a condición de distribuidor autorizado, inscrito no rexistro de instaladores.



ESTRADA A MURAS. Xa remataron as obras de adecuación da estrada que une os concellos de Oourol e Muras, que pasa pola parroquia muresa de Sixto e o lugar de Piocorto. Esta obra foi realizada grazas ao acordo que chegaron os dous concellos coa dirección das empresas eólicas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 15 de maio.

O LUGAR DE ROCA. Por outra banda, toda a veciñanza que recibe a televisión polo reemisor de TDT da Roca (Xerdiz) pode sintonizar os novos canais de televisión no canal 36. Con esta obra remátase o obxectivo

do equipo de goberno, de dotar este centro de todos os canais dispoñibles en aberto, para que toda a veciñanza teña a mesma oferta de canais independente do lugar onde reside.

A inversión ascendeu a 6.413,00 euros que se suman aos 8.999,00 investidos no ano 2016.

a pontenova

A Confederación limpa un regato en Vilameá

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de adecuación dun regato innominado nas proximidades de Vilameá, no termo municipal da Pontenova.

A actuación tiña por obxecto a retirada e xestión dos residuos dunha antiga entulleira incontrolada polo que pasa un regato (afluente do rego de Riotorto).

Este traballo, cun investimento de 1.762,56 euros, realizouse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve CHCantábrico, nos ríos cantábricos da provincia de Lugo.

No ano 2020 o investimento realizado en traballos de conservación e mantemento de leitos en Lugo foi de 248.689 euros, repartida en 17 actuacións en 9 municipios.

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico lembra que os labores de conservación e mantemento de leitos en zonas urbanas son competencia dos concellos, polo que as súas actuacións circunscribíense, necesariamente, ás zonas non urbanizadas.

Entrega de composteiros



Un momento da entrega de composteiro por parte do alcalde

O alcalde, Darío Campos Conde, comezou a campaña de reparto de composteiros. O rexedor avanzou que ata agora “xa entregamos un total de 57, cubos, aireadores e manuais”. Esta iniciativa está enmarcada dentro das axudas aos concellos da Xunta para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. E forman parte dela os concellos do punto limpo, que son os municipios da Pontenova, Meira, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto e A Pastoriza.

Campos Conde explicou que a entrega pode realizarse ata o mes de setembro. Ademais o Concello da Pontenova tamén dispón de outros 8 composteiros máis grandes, cunha capacidade de 900 litros, destinados aos negocios da vila. O alcalde convidou a todos os veciños a participar neste programa. “Entre todos temos que contribuír a mellorar o noso medioambiente, promovendo a compostaxe e a educación en torno ao tratamento da fracción orgánica e os seus beneficios ambientais”, explicou.

A subdelegada supervisa os novos alumeados

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e o alcalde da Pontenova, Darío Campos, realizaron unha visita ao lugar de Foxas para comprobar os traballos de mellora da eficiencia enerxética realizados no municipio e que foron subvencionados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Isabel Rodríguez informou de que o Ministerio colaborou co Concello da Pontenova na mellora do alumbeado público exterior do municipio, ao que dedicou unha achega de 112.282 euros para un proxecto que supuxo un investimento total de 138.299 euros.

Isabel Rodríguez destacou que “esta actuación realizada na Pontenova enmárcase nun relevante programa de respaldo aos concellos da provincia por parte do Goberno para facilitarlles que melloren a eficiencia enerxética tanto do alumbeado público como das dependencias municipais”.

“Con estes proxectos, que subven-

ciona na provincia o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), axudamos aos concellos a contaminar menos e tamén a aforrar no gasto corrente pola factura do consumo de enerxía”, manifestou a subdelegada.

Pola súa parte, Darío Campos explicou que a actuación realizada na Pontenova permitiulle ao Concello un importante aforro na factura do alumbeado público, que se calcula no 50% do custe anterior, así como reducir en 44,22 toneladas anuais as emisións de CO2 á atmosfera.

O alcalde tamén informou que o proxecto apoiado polo Ministerio, a través do IDAE, supuxo a instalación dun total de 482 novas luminarias en distintos puntos do concello, posto que, ademais de en Foxas, o proxecto abrangueu o Polígono, varias rúas da vila da Pontenova, así como Caba, Saldoira, Cabana, Vilar das Pedras, Liñeiras, Curras, Acebro, San Esteban, Vilaouruz, Santalla e Goios.

lourenzá

Unha mesa cos grupos políticos estuda o futuro do mosteiro




Mosteiro de San Salvador en Lourenzá

Un grupo de traballo, composto polos representantes dos tres grupos políticos, está pendente de se reunir estes días para estudar cal será o futuro do mosteiro de San Salvador. Esta opción foi aprobada no último Pleno deixando enriba da mesa as dúas mocións do PP e polo BNG

Os tres partidos buscarán todas as opcións posibles, entre elas unha posible cesión, para levar adiante a rehabilitación. De todos os xeitos, se se produce esa cesión esixirán un compromiso firme das institucións para financiar a obra. Por outra banda, antes de chegar a

ningures, terán que consensuar co bispado, xa que é o propietario do inmovible. A opción da cesión implicaría tamén que o edificio se dedicase a diferentes usos pero non descartan tampouco a posible aparición de inversores. Na mesa de traballo cada grupo fará as súas aportacións para chegar a un consenso.

A asociación Patrimonio Laurentino considera moi positivo o acordo ao que chegaron os tres grupos pero urxen o consenso tralo anuncio de Patrimonio de elaborar un proxecto de recuperación definitivo da cuberta no prazo dun ano.



A vila rende homenaxe a Rosalía de Castro cun mural

O Concello de Lourenzá acolleuse este ano á convocatoria da Área de Cultura da Deputación de Lugo para conmemorar a figura de Rosalía de Castro con dúas actividades: un mural e unha representación teatral infantil, que se celebrou o día 22 de abril.

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron, explica que “a primeira actividade foi a ela-

boración dun mural na entrada do CEIP Juan Rey realizado por Concepto Circo. A segunda tivo lugar o 22 de abril, en vésperas da celebración do Día do Libro. Trátase do espectáculo teatral con monicreques de mesa *A viaxe de Rosalía*, a cargo da actriz Larraitz Urruzola. Participou na mesma público infantil e tamén se desenvolveu nas dependencias do colexio”.

O Concello convoca de novo un concurso de poesía con ocasión do Día das Letras Galegas

O Concello de Lourenzá convoca un concurso de poesía co gallo do Día das Letras Galegas.

As obras, escritas en galego, serán presentadas de forma anónima, cos datos persoais do concursante (nome e apelidos, idade, enderezo e teléfono de contacto) introducidos nun sobre, que levará na parte exterior a categoría á que pertence. Só se admitirá unha obra por participante.

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron, explica que “este concurso está dirixido a persoas de todas as idades, divididas en tres categorías: ata 9 anos, de 9 a 14 anos e máis de 14 anos. Establécese un premio para cada categoría, consistente en 50 euros e unha figura institucional”.

Manuel Arango engade que “o prazo de entrega dos traballos, que deben presentarse na biblioteca municipal, remata o 14 de maio. As bases do concurso aparecen colgadas na páxina web do Concello”.

DEPUTACIÓN



O Pleno aproba a distribución de fondos do Plan Único

A Corporación provincial aprobou por unanimidade no Pleno ordinario a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2021, e que suporán unha inxección de preto de 24M€. Os municipios priorizan os investimentos -aos que dedicarán o 70% do total dos fondos, seguido da creación de emprego, á que destinan 3,5M€ cos que crearán 300 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3M€ para atender a máis de 3.000 persoas. Dedicarán tamén 800.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da Covid-19.

Dos 21,5M€ do conxunto do programa, 15,2M€ vanse destinar a investimentos. Destacan as melloras e acondicionamento de estradas, accesos a núcleos de poboacións e pavimentación de vías públicas. En total son 332 obras ou subministracións, repartidas entre os 67 concellos da provincia. Estas actuacións servirán para renovar pavimentos en estradas, pistas e camiños municipais, acometer redes de abastecemento de augas, mellora do alumeadado público para facelo máis eficiente e dotar de novos puntos de luz a diferentes parroquias da provincia, mantemento de parques e xardíns, realización de plans de ordenación de tráfico e estacionamento, contribuír a unha recollida do lixo óptima e, en definitiva, á atención de necesidades particulares que presenta cada unha das localidades en materia de infraestruturas.

EMPREGO. En relación co fomento do emprego, os concellos destinaron 3,5M€ a impulsar iniciativas que permitan a creación de postos de traballo no municipio. En total, vanse crear 300 postos de traballo moi diversos, como peóns, arquitectos, socorristas, monitores turísticos, ad-

ministrativos, enxeñeiros forestal ou conserxes, entre outros.

AXUDA NO FOGAR. Os concellos de menos de 20.000 habitantes recibirán preto de 3M€ dirixidos a máis de 3.000 veciños e veciñas. Entre esas actuacións inclúense atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no domicilio, acompañamento e seguimento de tramitacións e atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas.

MEDIDAS COVID. Así mesmo, o Plan Único recolle nesta anualidade unha nova liña que se creou no 2020 para que as entidades municipais puidesen facer fronte a gastos correntes derivados da pandemia da covid-19. En total, os concellos decidiron destinar máis de 800.000€ para esta finalidade, co que poderán mercar material de protección, conceder axudas directas a autónomos e empresas ou lanzar programas que contribúan a paliar os efectos e consecuencias da pandemia na súa localidade. Por exemplo, é o caso do Concello de Viveiro, que ten previsto destinar 200.000€ a este fin; tamén o Concello de Antas de Ulla, que destinará máis de 100.000€; importante tamén é o que se vai investir en Palas de Rei, cunha partida de 92.000€; en Ribadeo, máis de 93.000€ e, entre outros, o de Mondoñedo, cunha partida de 18.300€.

Por outra banda, so abeiro do Plan Único, os concellos incluíron actividades ou eventos de promoción turística. Para este programa destinaranse 126.540€ para o total dos municipios, entre os que destacan novas visitas guiadas no Concello de Alfoz para coñecer a súa historia e a súa arte; rutas xeolóxicas en Burela; unha campaña de promoción do Concello do Incio para poñer en

valor os recursos e atractivos deste municipio; a Festa da Faba 2021, do Concello de Lourenzá; o impulso do proxecto Gumiralia, do Concello da Pobra do Brollón, ou entre outras, a promoción de localidades coma Monforte de Lemos e O Vicedo.

Así mesmo, este ano os concellos seguen apostando por investir na mellora da administración electrónica e de protección de datos, un programa que ascende a 145.000€. Un total de 15 concellos contemplan fondos. O Plan Único tamén inclúe un apartado propio para Protección Civil que ascende a 14.500€. Nalgúns casos contéplase a adquisición de novo vestiario, como en Burela e Mondoñedo; noutros a renovación do equipamento, como en Negueira de Muñiz; e outros para mantemento, pólizas de seguros e accidentes, como é o caso de Pol e Xermade.

FEIRAS. En canto ao programa relativo a feiras, mercados e outros, nesta anualidade os municipios decidiron destinar preto de 35.000€, unha cantidade moi inferior a anualidades anteriores. Malia iso, concellos coma A Fonsagrada non renunciaron a adaptar a súa tradicional Feira do Butelo aos novos tempos cunha edición dixital con vídeos e foros de debate; tamén Guntín aposta pola promoción do Pemento de Mougán e da Feira de Grelos; Samos adapta a súa Feira do Turismo e do Peregrino e a Feira de artesanía, e Sober, a XXXIX Feira do Viño de Amandi.

Pola súa banda, en actividades culturais tales como escolas de música, teatro ou actuacións ou eventos que se celebren no ano 2021, o orzamento ascende a 221.293,13€.

A Deputación fomenta, así mesmo, o deporte a través deste plan de cooperación. Un total de case 75.000€ van destinados a gastos de escolas deportivas, cursos de ximnasia, carreiras populares entre outros.

Compran novos furgóns para os bombeiros

No Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento aprobouse a modificación do Orzamento para 2021 por vía de crédito extraordinario para a compra de dous furgóns de salvamento e de dous traxes que aumentarán a protección dos efectivos.

En concreto, aprobouse a adquisición cunha partida de 323.000€ de dous furgóns de salvamento con dimensións máis reducidas e tracción 4x4, que permitirán realizar rescates nun menor tempo e chegar a zonas de difícil acceso. Ambos vehículos, que se sumarán ao parque móbil do Consorcio de Bombeiros, estarán dotados con material que permitirá a atención a persoas con equipos de respiración, ademais de ferramenta de excarceración a batería ou un xerador. Tamén substituirán aos camiións de primeira saída cando causen baixa por man-

temento ou reparacións.

Os 117 efectivos sumarán tamén dous traxes que permitirán reducir os riscos nas actuacións. Esta instrumentaria aporta confortabilidade e facilita o traballo dos bombeiros en actuacións de menos risco e de longa duración, ao tratarse de equipamentos máis liviáns. O custe deste traxe de rescate técnico é de 28.659 euros. Tamén se aprobou a adquisición dun traxe de condicións climatolóxicas adversas composto por unha parka e un cubrepantalón, cun custo de 46.250 euros.

Este novo material de protección súmase aos 122 traxes fabricados con tecido PBI, moito máis lixeiros, ergonómicos e que soportan unha maior temperatura, que xa foron adquiridos recentemente polo Consorcio. A compra, que protexerá aos 117 efectivos da provincia na súa labor de extinción de incendios, tivo un investimento de 156.138 €.



Presentación do Plan de Impulso á Economía da Provincia

Comeza a formación para o turismo e a hostalaría

Cinquenta traballadores e traballadoras e concelleiros e concelleiras de 34 entidades locais da provincia participan ata o vindeiro 15 de xuño na acción formativa on line Promoción e Comercialización de Produtos e Servizos Turísticos Locais, unha iniciativa organizada pola Deputación de Lugo dentro do seu apoio a unha das actividades máis prexudicadas polo impacto da pandemia, como son o turismo e a hostalaría.

Con esta acción formativa de 100 horas de duración, a institución provincial dota de ferramentas aos concellos para que adquiran a capacidade suficiente como para desenvolver e xestionar produtos turísticos e favorecer así a recuperación deste sec-

tor e o hostaleiro. Para iso, abordaranse, en catro bloques, estratexias de marketing turístico, proxectos de comercialización de produtos e servizos turísticos locais, o sistema de relación cliente-empresa no sector da hostalaría e o turismo e a utilización das tecnoloxías da información na promoción do destino e para a creación e promoción de produtos turísticos no entorno local. Unha vez rematada a formación, os alumnos recibirán un diploma acreditativo.

Esta medida enmárcase no Plan de Impulso da Economía da Provincia, promovido para apoiar aos sectores produtivos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalaría, o turismo e o comercio local.

MAR

A xefatura de Celeiro amplía as súas competencias ata Cedeira

A Consellería do Mar vai reforzar a xestión dos fondos europeos mediante a creación dun departamento específico centrado na súa optimización e aproveitamento en beneficio do conxunto do sector marítimo-pesqueiro galego. Esta mellora concrétese coa creación da Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), de acordo co proxecto de decreto coa nova estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Esta nova subdirección xeral, que dependerá directamente da persoa titular da Consellería, garante a separación de funcións entre os órganos xestores do gasto asociado ao FEMP e o equipo que realiza a verificación do mesmo ao tempo que actuará como órgano de coordinación da actuación dos distintos organismos intermedios na xestión dos programas operativos dos fondos europeos.

Co mesmo obxectivo de optimizar os recursos existentes, mellorar a operatividade e equilibrar o ámbito de actuación das xefaturas territoriais, a Consellería do Mar vai

ampliar a zona de influencia da Xefatura Territorial de Celeiro. Deste xeito, a súa delimitación xeográfica corresponderase cos concellos do litoral da provincia lucense máis os da costa coruñesa desde o límite con Lugo ata Cedeira, que tamén está incluído. Mentres, a Xefatura Territorial da Coruña perde eses concellos que asume Celeiro e Vigo mantense cos que xa tiña, os do litoral da provincia de Pontevedra. O obxectivo deste cambio é optimizar o uso dos recursos dispoñibles nas tres provincias para mellorar a eficacia e a eficiencia administrativa e equilibrar o seu ámbito de actuación. Ao mesmo tempo, tamén se adaptan as denominacións e funcións dos servizos dependentes de xeito directo das xefaturas territoriais en concordancia coa estrutura e atribucións das direccións xerais dos servizos centrais. Deste xeito, as xefaturas territoriais contarán cun Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro e outro de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, na liña das competencias que teñen atribuídas as dúas direccións xerais da Consellería do Mar.

Insisten nunha solución para o porto Chico de Foz

A secretaria Provincial do PSdeG e Deputada Autonómica, Patricia Otero, acompañada do alcalde de Foz, Francisco Cajoto, defenderon unha iniciativa na Comisión 8ª do Parlamento Autonómico para reclamar ao Goberno de Feijóo, “que execute neste ano a reestruturación do porto deportivo de Tupide en Foz, coa modificación da súa bocana, dragaxe así como a ampliación de servizos.

“A dragaxe do porto de Tupide de Foz reflicte o completo abandono do Goberno de Feijóo para mellorar as dotacións da nosa vila. Estamos diante dun proxecto impulsado no ano 2013, e a día de hoxe, 8 anos despois só podemos falar de abandono e esquecemento”, espetou o rexedor Francisco Cajoto. Tamén se referiu ás imaxes das zodiacs de salvamento marítimo varadas no peirao durante a marea baixa, “cun pantalan inutilizado pola acumulación da area”.

Patricia Otero lembrou na proposición rexistrada que “a necesidade da dragaxe do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando dende hai moitos

anos. Colectivos como os pescadores deportivos de forma individual, asociacións, clubs, socorristas así como o Grupo Socialista, levan anos denunciando a falla de calado que sofre este porto deportivo, no que atracan moitas embarcacións. E onde ademais hai varias zodiacs de salvamento”.

A Deputada Autonómica tamén interpelou á presidenta de Portos, en sede parlamentaria o pasado 20 de decembro de 2019, sobre si existían nos orzamentos da Xunta do 2020, unha partida que contemplase a contratación da asistencia técnica para preparar a documentación e iniciar os estudos correspondentes para poder facer a dragaxe deste porto, así como a cantidade destinada a tal fin. “A súa resposta foi que a obra de dragaxe se acometería, pero que non estaba prevista executala no ano 2020, e que se atopaba en fase de redacción dos pregos para contratar a asistencia técnica dos estudos de impacto ambiental de diversas dragaxes en Galicia”, relatou Otero.

Achegamento de posturas para impulsar o porto de San Cibrao

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, recibiu ao presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, Indalecio Seijo, e ao secretario da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López, nunha reunión a tres bandas para analizar propostas do sector así como as posibilidades de potenciar o porto de San Cibrao. Arias agradeceu a postura dialoxante do recentemente nomeado presidente da Autoridade Portuaria, quen coñeceu da man do delegado da Xunta e dos representantes da CEL as potencialidades do porto mariñán, entre outros temas de interese para o sector. Esta é a prolongación dunha primeira reunión mantida a primeiros de mes en Celeiro que polas medidas restritivas da Covid quedou restrinxida aos alcaldes de Cervo e Xove xunto ao xefe territorial e o propio delegado da Xunta en Lugo.

Nesta segunda reunión de contacto do presidente da Autoridade



Vista aérea do porto de San Cibrao

Portuaria tamén estiveron presentes o directivo de LugoMadera e vicepresidente da Cámara de Comercio, Daniel Villapol, e o conselleiro delegado da CEL, Eduardo Valín, quen tamén agradeceron o afán de colaboración amosado polo máximo representante da Autoridade Portuaria.

Pola súa banda, o BNG logrou o apoio unánime do Pleno da Deputación a unha moción presentada neste senso. Tamén se reclamou

o compromiso das forzas estatais para dar resposta a unha demanda do tecido socio-económico da comarca que o BNG trasladou en diferentes ocasións ás institucións. Na súa exposición, a deputada nacionalista lembrou que a actual configuración da Autoridade Portuaria supón unha discriminación para a comarca que ve como os recursos que xenera, fundamentalmente a través da actividade de Alcoa, non reverten no territorio.

A Deputación financia un carro e puntais de varada á asociación focense da Ribeira



Membros da asociación A Ribeira co novo material

A Deputación de Lugo colaborou coa asociación A Ribeira de Foz aportando un novo carro e puntais de varada para as embarcacións deportivas. Segundo explican dende a asociación “tiñamos en Foz un importante problema para facer o mantemento ou para depositar de emerxencia en terra firme as embarcacións deportivas”.

Este soporte móbil polo seu deseño adáptase ao 100% das embarcacións deportivas dos peiraos de Foz, ademais a actuación da sub-

venção tamén financiou a fabricación duns puntais de varada que do mesmo xeito se adaptan a tódalas embarcacións e serven para deixalas ubicadas nunha determinada zona sen que estorbe o tránsito portuario nin a outros usuarios. Ambos os dous mecanismos foron deseñados para que as persoas con dificultades físicas ou de idade avanzada podan facer estes traballos de mantemento das embarcacións por eles mesmos sen dificultades ergonómicas nin riscos.

Piden máis axudas para o sector marisqueiro

A parlamentaria do BNG, Rosana Pérez demandou incrementar as axudas da Consellería do Mar nun ano de grandes perdas para o sector marisqueiro ante a mortalidade de moluscos nas diferentes zonas da costa galega.

A nacionalista argumentou que no mes de febreiro os temporais devolven ás praias toneladas de marisco morto ou debilitado e a baixa salinidade das augas parece ser a causa principal. Ante esta situación criticou que dos 1.498 km de costa galega, a conselleira do mar non visitara as zonas afectadas para constatar as consecuencias para os máis 6.000 mariscadores e mariscadoras.

Polo momento, dixo “tamén descoñecemos que medidas ten previstas a Consellería ao respecto agás a convocatoria das axudas ordinarias, cunha liña de axudas de 980.000 euros, cofinanciados polo FEMP para a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, e outra de 300.000 euros, de fondos propios da Xunta para proxectos de rexeneración, é dicir, os mesmos fondos ordinarios que en calquera ano pero este non se parece a ningún outro ano nin de lonxe”.

DEPORTES

O BeOne rugby fusiúnase co Belenos de Avilés para sumar novas competicións

“Un paso adiante”, así define Guillermo Fdez, ata o de agora Director Deportivo do BeOne Rugby, o novo rumbo que toma o club da man do Belenos de Avilés, un club que milita na División de Honra B nacional e que ofrece aos xogadores do Occidente Asturiano e A Mariña Lucense a oportunidade de aspirar a chegar a formar parte deste equipo, o único asturiano nesta categoría e que en Galicia conta con dous representantes, Vigo Rugby e Ourense Rugby, ambos no sur da comunidade.

As conversacións iniciáronse a tempada pasada, cando o seu presidente, Felipe Blanco, contactou co BeOne, que empezaba a competir en Liga Asturiana con equipo sénior e que tan bo papel realizou nos Xogos do Principado e Ligas Galegas Sub14 e Sub16.

Pero foi esta tempada, totalmente atípica e marcada pola pandemia, cando se consumo o acordo, a marcha a Barcelona, por motivos profesionais, do ata o de agora director deportivo e a boa predisposición do club asturiano fixeron que con tan só



O equipo do BeOne nun dos últimos adestramentos

unha chamada e unha reunión entre os presidentes chegábase un acordo que levará aos clubs de BeOne: Tapia Rugby e Ribadeo Rugby a ser filiais do equipo de Avilés, mantendo a súa identidade, a ambos marxes da ría.

“É unha sorte para nós chegar a este acordo, os adestramentos están sendo máis numerosos e a calidade contrastada dos adestradores que Belenos despraza á zona fan que os xogadores dean un salto importante na súa formación técnica. Esta tempada adaptáronse eles aos horarios

establecidos para non facer cambios a metade de campaña, pero estou convencido que a tempada 2021-2022 será un punto de inflexión para o rugby na zona, tanto a captación como a planificación dos adestramentos xa se farán baixo os novos criterios do Belenos e será entón cando se note aínda máis a seriedade e a profesionalidade coa que traballan. Estou convencido de que levarán o proxecto ao seguinte nivel, os xogadores da zona teñen a calidade suficiente para estar cos mellores

e coído que en pouco tempo poderemos ver algún deles debutar en División de Honra”. explica Guillermo Fernández, que seguirá na directiva do club colaborando e axudando na transición.

“Traballouse moito e ben, hai xogadores en todas as categorías, escolas en varios puntos de Galicia e Asturias, equipo de Rugby Inclusivo, así como academia e equipos sénior. Esta tempada servíunos para traballar moito conceptos técnicos e tácticos que en competición resulta máis complicado. A partir de agora tense que consolidar este traballo e facelo crecer, e seguro que o bo facer de Belenos Rugby, con Felipe Blanco á cabeza, conseguirán ambos os dous obxectivos”, engade.

Pendientes aínda do inicio das competicións, xogos do principado para a escola e academia e liga para sub18 e sénior, o BeOne Rugby segue traballando a ambos os dous lados da ría para que o rugby sexa unha alternativa deportiva e de formación en valores para os mozos na súa ampla zona de influencia.

Organizan en Cervo un curso de taiji quan

O sábado 22 de maio impartirase un Curso Nacional de Taiji Quan FEKM no polideportivo de San Cibrao, que estará a cargo do director nacional, Miguel Ángel Vermeillo Darriba. No curso traballarase a forma de lanza: 16 Taiji Qiang. E o horario é de 10.30 a 14.00 horas. É obrigatoria a inscrición previa e o cumprimento das medidas anti covid especificadas no protocolo do Departamento Nacional de Taiji Quan FEKM. Tamén se retransmitirá on line a través de zoom. Os interesados en ter máis información poden poñerse en contacto co número 670 249 554 ou no correo info@taiji-quan.es.

A Camovi celebrase o 5 de setembro

A Camovi volverá celebrarse en Viveiro o 5 de setembro do 2021. Así o acordaron tras a cancelación da súa décima edición pola pandemia no 2020. Os organizadores desta carreira, que nas súas últimas edicións contou con varias distancias ademais dos 42 quilómetros, farán un esforzo para garantir un certame sen riscos polo que haberá unha reformulación da competición. Contará con menos corredores e menos distancias, ademais de axustarse a outros protocolos importantes. Ao redor da competición programaranse múltiples actividades, aseguran con novidades como exposicións ou proxeccións.

O SD Burela renova a súa directiva

A Sociedade Deportiva Porto de Burela comezou xa o proceso de renovación da directiva tralo anuncio da dimisión do presidente actual, Ramón Lestegás Gómez, e do resto da directiva unha vez que remate a tempada en curso.

Para que a transición poda realizarse con tempo necesario abriuse xa o período electoral coa apertura do prazo de presentación de candidaturas nas oficinas do club. Esta poderá facerse ata o día 15 de abril.

O presidente saínte anunciou tamén a súa intención de seguir colaborando coa nova directiva cando se produza o cambio e para facer unha transición cómoda.

Así mesmo, Lestegás agradeceu “o tempo compartido con todos os meus compañeiros da xunta directiva actual, así como os das tempadas anteriores.

Miguel Diz, campión galego en 500 metros



Miguel Diz e Amelia, trala carreira

O deportista Miguel Diz, do club atletismo Ría de Foz, quedou campión galego nos 500 m sub10 no Campionato Galego que se desenvolveu na cidade de Pontevedra para as categorías sub10, sub12 e sub14. A representación focense nesta proba autonómica centrouse na categoría sub10. Miguel Diz fizo unha gran actuación, foi o máis rápido e ademais baixou a súa mellor marca nos 500ml ata en 10 segundos para deter o crono en 1:35.99. Por outra banda Amelia, nos 500

metros, realizou unha gran actuación. Entrou como segunda da súa serie en meta e parou o crono en 1:51.23, mellorando tamén a súa marca persoal.

LOURENZÁ. Por outra banda, na mesma competición, a laurentina Lidia Balseiro quedou campioa galega en 1000 metros da categoría alevín e Julia Fernández, subcampioa autonómica de 500 metros infantil, ambas as dúas melloraron tamén os seus rexistros.

Remata a liga de bolos de Xove



Os catro gañadores das categorías respectivas, na entrega de trofeos

Rematou sen sorpresas a Liga de Bolos de Xove. A última sesión tivo lugar en Vilachá, onde se fixo entrega tamén dos galardóns aos campións que, na categoría masculina foi para Miguel López, que xa tiña asegurada a praza antes da última das tiradas. Quedaba por dilucidar quen se facía co segundo posto final, para o cal partía como favorito Francisco Pérez, que tiña seis puntos de ventaxa sobre Arturo Vigo. Pois ben, despois de rematada a tirada de Vilachá a clasificación non mudou, ocupando as tres primeiras prazas Miguel López, Francisco Pérez e Arturo Vigo respectivamente.

No apartado de maiores de 60 anos resultou campión Arturo Rodríguez

Álvarez, seguido de José González Rodríguez e Marcelino Rodríguez Álvarez. O subcampión levou tamén o trofeo ao xogador de maior idade. Na categoría feminina, con Julia López como campioa indiscutible, só quedaba por dilucidar quen ocupaba os postos 4º e 5º, que finalmente foron Salomé Bermúdez e Concepción Piñeiro respectivamente. A segunda praza foi para Belén Meitín Rouco e o terceiro para Carmen Roca Corral. A mellor bolada foi para a campioa. Na Liga Sub 16 tampouco houbo variacións nos primeiros postos. O campión foi Xenxo Salgueiro Franco, seguido dos irmáns Christian e Íker Cociña González correspondendo a mellor bolarada a Christian.

“Do que máis orgulloso me sinto é de darlle identidade ao club”

O ex técnico do Pescados Rubén Burela FS fala así da súa traxectoria na entidade laranxa e da súa recente destitución na metade da tempada

Por Claudia López

Juanma Marrube, comezou a formar parte da familia laranxa na tempada 03/04, cando o equipo se xogaba a fase de ascenso á Segunda División. Tras dúas tempadas mudouse ao Azcar Lugo, pero volveu a Burela para colgar as botas no 2014 e, máis tarde, para poñerse o traxe de adestrador. No 2017 tomou o mando do Pescados Rubén, conseguindo o loado ascenso á Primeira División (18-19) e máis dúas ansiadas Copas Galicia. Este curso 20/21 asumía a súa cuarta campaña ao fronte dos laranxas, pero no mes de febreiro anunciou que se despedía do cargo de técnico. Este referente do fútbol sala, coñecido como El Mariskal, fala agora dos seus inicios como adestrador, do balance destes anos no Burela e máis da súa destitución.

Como asumiches a túa retirada do parque?

Foi un cambio para o que xa estaba moi mentalizado, non me costou moito. Opereime das costas e despois xoguei ano e medio aínda, pero ía facer 35 anos e tampouco quería hipotecar moitas outras cousas, rematar estando ben de saúde. O deporte de alto rendemento tal como tiña as costas e con esa idade... podería ter problemas. O club deume a seguridade de que ía quedar vinculado a el e iso axudoume a levalo mellor. Foi unha decisión moi consensuada ca entidade e tanto eu coma o club axudámonos por ambas

partes. A relación que segues tendo co fútbol sala dende outra óptica tamén te axuda porque non é unha desconexión total.

Tiñas claro que unha vez te retiraras seguirías vinculado así co deporte?

Tiña moi claro que quería ser adestrador e fixen o transito. Xa desde moi novo cando xogaba chegaba a casa e anotaba as cousas que me gustaban doutros adestradores. Tiven a fortuna de ter adestradores brasileiros, de competir con moitos xogadores diferentes ao xogar tamén fóra de Galicia e tiña esa inquietude de chegar a casa e anotar cousiñas. Fíame facendo unha visión do que era o deporte e o fútbol sala, do que me gustaba e do que non. Eu creo que sempre fun un pouquiño adestrador cando aínda era xogador. Cando a etapa de xogador se termina a cabeceira e o corazón díxome que ese era o meu camiño.

Cal sería o balance de estes catro anos co Pescados Rubén?

O balance é tremendamente positivo, a oportunidade de facer que o equipo ascendera foi unha oportunidade para ter peso no equipo e para reflectirme como adestrador. Logramos facer un proxecto bo con xente da casa, con xente galega, sobre todo do que máis orgulloso me sinto é de darlle identidade ao club. A un equipo que ano tras ano estaba cambiando, démoslle identidade e solidez, que é o que che permite ascender. Co que me quedo é co feito de coller o equipo en Segunda Divi-

sión e transformalo, deixalo asentado esta segunda temporada en Primeira División, sen estar nunca en perigo de descenso. E tamén foi moi importante conseguir dúas Copas de Galicia, nese sentido foi tremendamente positivo, pero de novo, por riba de todo é a cultura e a identidade que deixas. É do que máis orgulloso estou. A forma de traballar deixa entrever ese legado e para min iso é o máis importante aínda máis que de ascender desa forma brillante.

Malia esa sobresaínte traxectoria, tómasese a decisión da destitución

Son cousas do club, as directivas toman as decisións pensando sempre o que é mellor para o club. Eu asumo con enteira e tranquilidade porque o traballo e os feitos están aí, son situación que dentro do deporte profesional van a ocorrer e fano pensando no mellor para o club. As veces costa entender o porqué, pero forma parte do deporte, nada de gardar rancor. Son catro anos nun club e dentro da cultura deportiva que temos no noso país iso é moito tempo. Hai entidades que nunha mesma tempada teñen dous ou tres adestradores. Son culturas, igual noutra cultura como na inglesa os adestradores están como mínimos están catro ou cinco anos e volven renovar. Son conceptos deportivos e culturais diferentes, pero sempre se toman as decisións pensando nos equipos. Con iso me quedo, con que é unha situación normal e natural que pode ocorrer e, ao mesmo tempo, co traballo ben



Juanma Marrube, na cancha do Vista Alegre de Burela

feito porque os feitos son as mellores palabras.

Agradéciches moito o apoio recibido por xogadores, corpo técnico, empregados do club...

Para min o apoio recibido por parte de todo o mundo, unha vez votada a vista atrás destes catro anos, que che din “o que conseguídeses”... Ese apoio unánime foi importante para darlle valor aos catro anos. Que a xente coa que traballas se identificara dende o primeiro momento co rumbo que tomamos, que os xogadores que axudaron a transformar este club, tanto os que estiveron un ano coma catro anos, e incluso adestradores rivais que che transmiten ese apoio de sorpresa e satisfacción... iso é moi relevante.

Como ves o futuro inmediato do equipo?

O equipo non vai ter ningún tipo de problema, lles auguro o mellor, que parece que non van a ter ningún tipo de problema a liña do equipo é a que é. Estivemos na marxe de equipos que por presuposto e por capacida-

de se te acompañan os resultados podes estar sobre o noveno ou décimo posto e, se non te acompañan un pouco máis abaixo. É un pouco a realidade e o marxe deportivo que ten o equipo neste momento.

E os teus plans de futuro?

O futuro agora é incerto. Estamos nese peaxe de final de temporada, moitos clubs farán balance do que conseguiron esta temporada e dos seus obxectivos. O Burela tamén me transmitiu a tranquilidade e a seguridade de poder seguir vinculados nun futuro noutra faceta. A día de hoxe non sei o que vai ocorrer, pero no que estou enfocado agora é en devolverlle á familia o que lle roubei. Ao mesmo tempo continúo aproveitando moito a cantidade de horas que teño agora, é unha ventá de oportunidades para seguir formándome e dedico todo o meu tempo de ocio ao propio traballo no fútbol sala. Cando sexa, valorarei as miñas intencións de cara a vindeira campaña, pero de momento moita tranquilidade.

Primeira reunión para planificar o Emma Cuervo nun estadio remodelado

O coordinador de deportes do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Tito Suárez, e o voceiro popular, Daniel Vega, continúan cos pequenos encontros coas entidades deportivas do municipio.

Así, nesta ocasión, os populares reuníronse con representantes do Ribadeo FC para trazar as liñas de colaboración de cara a celebración da edición número 70 do trofeo Emma Cuervo, o vicedecano dos trofeos de verán en España.

A xuntanza tivo lugar nas instalacións da fábrica de Sargadelos, icno da cerámica galega. “Desta maneira volvemos mesturar a cultura e o deporte”, segundo manifestou

Tito Suárez. De feito, será a firma cervense a que se encargará de facer o deseño do trofeo.

Por outra banda, na ponte de San Xosé tivo lugar a posta de largo do remodelado campo de fútbol municipal Pepe Barrera. Debido á situación sanitaria non houbo acto de inauguración e abriuse de novo cun partido do Ribadeo FC e coas categorías da SD Ribadeo.

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e o alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez Barcia, acordaron financiar a partes iguais a rehabilitación integral do campo e solicitar á Xunta de Galicia, que é a administración coas competencias

directas na materia, que cando menos faga o mesmo.

Os traballos consistiron nunha rehabilitación integral do terreo de xogo para evitar, principalmente, as acumulacións de auga que impiden que se poida empregar o campo con normalidade.

Para elo, executáronse traballos de drenaxe cos que se mellorou o desaugue do terreo e nivelouse o chan, poñendo fin á diferenza de case un metro que existía entre as esquinas do campo. Finalmente, o terreo dotouse de herba natural.

Ademais, o proxecto contemplou actuacións de mellora dos vestuarios e das gradás.



Arriba, o novo Pepe Barrera e, abaixo, a reunión do Emma Cuervo



Arriba, as integrantes do club de ximansia, e, abaixo, o grupo de competición

O Porta Norte asina a súa mellor marca nun Campionato Nacional

A escola de rítmica acadou a decimosétima posición na competición estatal co seu grupo de cinco cintas, sendo as mellores de Galicia

A Escola de ximnasia rítmica Porta Norte leva quince anos formando, adestrando e competindo con deportistas da Mariña en tódolos niveis, dende categorías escolares a nacionais. Este ano, malia tódalas dificultades vividas pola Covid, están de parabén. O seu conxunto xuvenil formado por María Lestao, María Valcárcel, Daniela Enríquez, Carla Enríquez e Elisa Fraga lograron poñerse en décimo sétima posición no Campionato de España correspondente a tempada de 2020.



As de Burela foron as únicas representantes da provincia de Lugo nesta competición celebrada en Alfafar, na que participaron tras acadar o segundo posto no autonómico. Esta vez, foron elas as mellor clasificadas de Galicia alcanzando un total de 9,350 puntos, deixando atrás ao As Triscas B, Ausarta, Compostela e As Triscas A. Ademais, fixeron a mellor marca que conseguiu o club mariñao nun campionato nacional ata agora. No seu conxunto de cinco cintas habíanse posto moitas esperanzas, xa que que puideron participar nunha competición a nivel estatal celebrada en liña antes da devandita cita e lograron o quinto lugar na clasificación. Finalmente, os resultados chegaron.

Este equipo leva competindo dende que as ximnastas teñen cinco anos, excepto unha das nenas que se incorporou hai catro anos ao conxunto, pero xa estaba no club. Participan en Campionatos de España dende a categoría benxamín, polo que o pisar un tapiz nacional é xa algo habitual para elas.

Nelly Bouso é a directora técnica do Porta Norte, ela encargase de repartir o traballo no club, decidir os niveis das nenas e tamén se fai cargo da súa preparación física e técnica. Recordamos que fundou a escola despois de que "o club Elfe, onde eu era ximnasta, desaparecera" e conta como

viu algo especial nestas nenas que a motivou a "xuntalas dende pequenas para facer conxunto".

A ex-ximnasta explica que "manter un conxunto deste nivel nun sitio onde non hai tradición deste deporte é moi difícil, porque son moitas horas e moita esixencia e hai abandonos". Nelly forma corpo técnico con Cristina Piñeiro, encargada de facer as coreografías dos conxuntos, e Carla Valledor, que se ocupa de formar ás nenas máis pequenas.


A situación pola pandemia fíxolles adaptarse ás circunstancias pero agora din estar feitas "unhas expertas no adestramento en liña, xa o facemos case igual dende a casa que no pavillón". No caso do conxunto xuvenil e no resto de categorías de base combinan tres adestramentos presenciais con dous a través de recursos en liña, "na casa fan traballo máis físico, pequenos elementos técnicos e de flexibilidade. No pavillón o manexo dos aparellos. Normalmente o quecemento levaríanos facelo unha hora, na rítmica hai que quentarse dende a punta do pelo á dos pés, e agora acelerámolo para poder aproveitar o tempo cos aparellos".

O vindeiro mes as cinco ximnastas volverán competir no campionato autonómico para tentar clasificarse de novo para o nacional de 2021, aínda que este ano os obxectivos do

club en xeral non van tan dirixidos á competición coma noutras ocasións, "pasamos de ter 150 nenas a traballar agora mesmo con 73, o obxectivo é que a escola continúe cara adiante, que poidamos seguir adestrando e que as pequenas poidan seguir facendo rítmica". A competición escolar ten formulado un calendario provisional de competición, "pero todo se vai modificando en función da situación e aínda non se puido facer nada. Nos tratamos de adestrar a través de xogos ata os 10 ou 11 anos, facer agora as cousas o máis variadas e divertidas posibles, porque ao non poder estar en contacto é difícil. Elas tamén combinan dúas clases no pavillón e mínimo unha na casa. As menores de oito anos non fan adestramento en liña, procuramos que veñan ao pavillón dous días á semana".

Malia que todo mudou e a competición estase a atrasar por mor da situación sanitaria, Nelly sinala que o nivel de Galicia no mundo da rítmica cada vez "está chegando máis arriba" e que este deporte estase a facer "pouco a pouco un oco no eido deportivo, malia que parece que as ximnastas sempre temos que loitar moito para conseguilo. Outros deportes son visibles facilmente sen esforzo, nós parece que sempre temos que ter un bo resultado para selo".

a elección de...



Luisa Aguado
Actriz e escritora afincada en Foz

un libro



Inés del alma mía
de Isabel Allende

un disco



Black to Black
de Amy Winehouse

unha película



Muerte en Venecia
de Luchino Visconti

un personaxe histórico



Miguel Ángel

un lugar para visitar



Moscú

unha afección



A natureza

unha comida



Empanada galega

unha bebida



Zume recién exprimido

Consulta os eventos en:
www.amariñaxa.com

D & A Díaz & Abad
abogados

LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD

¿TIENES DEUDAS?
Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.
¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES

COLABORACIONES

Caderno de bitácora

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Un día calquera: Collo o meu coche e saio da Coruña dirección Extremadura. Non teño moitas expectativas neste traxecto, quilómetros e quilómetros de autovía xa coñecida. Desvíome hacia Zamora e Salamanca pola Vía da Prata atravesando campos inmensos sen rastro de civilización, non deixa de sorprendeme a estraña beleza da “nada”. Continúo hacia o sur e de súpeto, á altura de Béjar, atópome con montañas e cumes nevadas, unha auténtica delicia totalmente inesperada para min. Despois dunha certa monotonía o branco da neve parece máis intenso e os fortes raios do sol reflicten no cristal, creando unha luz moi especial. Atravesando o val do Jerte descubro con moita ledicia os prados ateigados de cerdeiras, aínda sen floración,

pero igualmente fermosos. O verde do norte da provincia de Cáceres, con Hervás e Plasencia, resúltame familiar e estraño á vez, sen dúbida imaxinaba unha paisaxe diferente. Marabillosos agasallos que nos ofrece o destino...

Unha noite en Badajoz: Antes de degustar un “bacallau dorado” -manxar típico da zona- ceando con Asier e Iván, cellistas queridos e admirados, vou dar un paseño sobre o Guadiana e disfruto dun impresionante atardecer, miles de cores sobre o río. A “Ponte de Palma”, a máis antiga da cidade, é o mellor dos balcóns para tan increíble espectáculo.

“Flamenqueando” por Mérida: O recendo a historia que desprende esta cidade é único. Parece que aquí o tempo non pasara, como se o reloxo de area tivera unha pedriña encaixada no medio. Antes do concerto teño un ratiño para perderme polas rúas empedradas e mergullarme en “Augusta Emerita”: o Teatro, o Anfiteatro, o Circo,

o Templo de Diana, o Arco de Trajano, a Casa de Mitreo e un longo etcétera de xoias arquitectónicas, legado do grandioso Imperio Romano. ¡Qué xentiña tan xenial!

Despois de tan inspirador paseo regreso á Sala Trajano donde terá lugar un concerto moi especial... Música do gran Manuel de Falla e de Lorca, sí, dixen ben, ¡de Federico García Lorca! Resulta que o xenial poeta granadino tamén compoñía e tocaba o piano, datos que persoalmente descoñecía e que non deixan de fascinarme. Está claro que Don Federico estaba bendecido co enigmático concepto do mundo flamenco coñecido como “duende”. Él mesmo afonda nesta idea no seu ensaio “Juego y Teoría del duende”:

«Y Manuel Torre, el hombre de mayor cultura en la sangre que he conocido, dijo, escuchando al propio Falla su Nocturno del Generalife esta espléndida frase: “Todo lo que tiene sonidos negros tiene duende.” Y no hay verdad más grande. Estos soni-

dos negros son el misterio, las raíces que se clavan en el limo que todos conocemos, que todos ignoramos, pero de donde nos llega lo que es sustancial en el arte. Sonidos negros dijo el hombre popular de España y coincidió con Goethe, que hace la definición del duende al hablar de Paganini, diciendo: “Poder misterioso que todos sienten y que ningún filósofo explica”. Así, pues, el duende es un poder y no un obrar, es un luchar y no un pensar. Yo he oído decir a un viejo maestro guitarrista: “El duende no está en la garganta; el duende sube por dentro desde la planta de los pies.” Es decir, no es cuestión de facultad, sino de verdadero estilo vivo; es decir, de sangre; es decir, de viejísima cultura, de creación en acto.» A beleza coa que Lorca é capaz de definir un concepto tan máxico e enigmático como “duende” é simplemente xenial. Describir o indescribible, arte reservado a uns poucos, tan só de ler as súas palabras emocionante... Mágoa que o odio nos

arrebatara tan axiña este mago das emocións, este prestidixitador dos soños máis profundos. Non esquezamos xamais semellante barbarie para crear un futuro un pouquiño mellor e non volver a tempos escuros.

“Turisteando” por Plasencia: Fundada en 1186 polo rei Alfonso VIII de Castela baixo o lema «Ut placeat Deo et Homini» -para agradar a Deus e aos homes-, resultou ser unha cidade fascinante. Conta cunha muralla medieval perfectamente conservada con sete portas: Trujillo, Coria, Berrozanas, Sol, Talavera, Clavero e postigo do Salvador. Pero iso non é nada: Catedral, un montón de conventos dunha beleza arquitectónica extraordinaria, pazos e casas señoriais a esgalla, acueduto medieval, xudería... Sen dúbida, outro agasallo inesperado no medio da viaxe.

Outro día calquera: Arranco co meu coche de novo, esta vez rumbo ás Rías Baixas. ¿Qué aventuras me deparará o destino esta vez? Tomarei nota.

Unha de churros

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Unha mañá espertas con catro botellas de auga baleiras na mesiña de noite. Tes o firme propósito de levar a cabo unha mañá de traballo na Academia, cinco clases a través de videochamada e moreas de dúbidas pendentes de resolver por algunha das redes sociais. De camiño a Foz, sen apenas tráfico, un renxer na cabeza, un aquel sobre o ombreiro esquerdo, a voz dunha nai preocupada e varias conversas previas sobre o tema. Algo non vai ben, e ese algo tardará pouco en saberse o que é. Non almorazches porque xa levabas a idea na cabeza, primeira farmacia na que non fan probas de hemoglobina glicosilada por mor da pandemia. Pensas en baixar almorzar a algunha das terrazas da Rapadoira e esquecete do

tema. Cavilas se pasar pola fonte antes de retornar á casa e que morra o conto.

Pero sobre ti descansa o peso da responsabilidade e acodes a outra botica á que estarás eternamente agradecida, por priorizar ao paciente como debiera ser en todas. Xogaríame media colección de libros a que o meu curmán Javier o faría, o meu farmacéutico favorito do mundo pero tamén o de moreas de doentes pola súa vocación. Pasas a un despacho no que te invitan a sentar, pinchazo nun dedo, mostra de sangue e lectura da máquina. Ten que haber un erro. Repites a proba e ves a cara de congoxa no farmacéutico. Non che deixan erguerte e invitante a chamar á túa médica. Así o fas, namentras escoitas por primeira vez a palabra que te vai a acompañar o resto da túa vida.

“Eu non son médico, pero témome que esto é unha diabetes de manual.”

En efecto, así foi, non se trabucou nen pinta nin rafa.

“Noe, cancela as clases e vente directa para aquí. Teño que verte. Se te mareas non veñas conducindo.”

Primeira cifra que escoitas, cincocentos dezasete e preguntas canto é o rango admisible. Non cheira ben a situación. Tes medo, moitísimo, e por vez primeira sentes tremor os xeonllos. Non conforme con iso, pensas que pode que sexa a derradeira vez que te permitas baixar ao peirao e comer unha ducia de churros cunha cunca de chocolate. E eso mesmo é o que fas ao tempo que a inquietude te persegue, colles o teléfono e chamas por alento. Precisamos folgos, escoitas a voz do outro lado do teléfono xurar e maldecir, os teus saloucos rompen os poucos silencios que quedan nunha conversa que pretendía ser tranquilizadora. Colgas o teléfono e buscas a maneira de cancelar e pospoñer todo aquilo que tiñas pendente, pero non sabes moi ben por que tes que facelo. Sabes que desgaxaches

unha morea de quilos nos últimos meses pero bótaslle a culpa ao confinamento, ás horas de exercicio para manter a cabeza ocupada en algo mais alá das catro paredes. Pero que me dis desa sede insaciable? Logras explicala? Quizais o boticario teña razón. Esa cifra é anormalmente alta para os hábitos saudables que practicas ou eso les en internet. Xa sabes que non deberas facer iso pero tes catro ou cinco ventás abertas e malia iso, fáltanche moitas respostas a preguntas que polo de agora non formulache. Ábrese outra que queda suspendida na pantalla do teléfono:

“Vou para aí, non te movas.” Pero por suposto que o fas, sentas e estendes as dúas axendas. Pides outra cunca de chocolate que che sabe a despedida. Sóache de novo o teléfono, a túa médica de familia preocupada de novo. Méteche présa e logo subes ao coche. Acendes a música e preguntaste como te atopas. Todo correcto e eu que me

alegro. Centro de saúde, primeiras dez doses de insulina. Ducias de explicacións concisas, centos de termos técnicos e aproximadamente sete caras de mágoa despois, eres consciente do que a partires de agora eres, malia que eso non te defina, diabética. Tes un exceso de dozura neste intre que se tornará en hipoglucecias nocturnas. Varias visitas ao endocrinólogo, un sensor no brazo, dúas plumas de insulina e varias caixas na neveira. A tranquilidade chega en forma de coñecidos que debutaron antes ca ti. Bendita axuda, porque sen comelo nen bebelo eres insulino dependente. E débelle moito a todos esos diabéticos pasivos que te acompañan no camiño, que che preguntan polo azucre, que se erguen por un plátano, o que agora son quince unidades de hidratos de absorción rápida. Tratar de controlar toda esa dozura incontrolable nun corpo tan pequeno non vai a ser tarefa doada para ti pero tampouco imposible. Benvido á miña historia.

A miña mascota está en celo. E agora, que...?

VETERINARIA



Arturo Vijande

Basicamente hai dúas maneiras de que a túa mascota non teña ciclos sexuais/descendencia. Unha é a esterilización, que consistiría no caso dos machos na realización da vasectomía, é dicir, ligadura de conduto deferente, e outra a castración, que consiste na ablación testicular ou extracción do útero e ovarios en femias. Imos falar desta segunda opción.

En liñas xerais é moi beneficioso realizar este tipo de intervención tanto en machos como en femias, pero hai que analizar cada situación en particular. Os propietarios deberían ter unha conversación co seu veterinario respecto diso. Ollo, hai moita desinformación, ou o que é peor mala información sobre este tema, polo que recalco que debe ser un veterinario o único asesor.

Que beneficios ten a castración nas nosas mascotas?

- A ovariectomía precoz nas femias reduce en gran medida a posibilidade de que sufran de adultas tumores de mama. É crucial que se faga preferiblemente antes do primeiro celo para eliminar a influencia

das hormonas sexuais no desenvolvemento deste tipo de tumores.

- Obviamente esquecémonos de todo tipo de infeccións de útero (piómetra) que son frecuentes e están relacionadas co ciclo sexual das femias.
- Evítanse os embarazos psicolóxicos que presentan moitas cadelas por alteracións nas súas hormonas sexuais.
- Os machos vólvense máis sociables cos seus conxéneres. Evítanse as disputas e as pelexas; frecuentes cando detectan a femias en celo
- Evitamos os tumores testiculares
- Diminuímos a presentación de tumores perianales e de hiperplasia prostática, así como doutras afeccións prostáticas como os quistes.
- A incidencia de hernias perianales diminúe, debido a que estas aparecen basicamente en machos adultos sen castrar.
- Evitamos a enorme tensión que lles supón tanto a cans como a gatos detectar femias en celo. Non podemos obviar o seu arraigado instinto sexual e reprodutivo. Se non lles imos deixar reproducirse parece que non ten moito sentido permitir que pasen por estes trances.

Que beneficios teño eu como propietario se castró á miña mascota?

- En primeiro lugar evitarei que se escape nas épocas de celo, con todo

o que iso supón: Accidentes por atropelos, feridas e infeccións por pelexas.

- Evitarei as molestas marcaxes con ouriños por todos os recunchos e outras condutas sexuais, como a tendencia para montar dos cans.
- Poderei pasear máis tranquilamente coa miña mascota porque se tornará máis sociable.
- Desaparecerán os continuos miñidos das gatas cando están en celo, que non respectan os nosos horarios de sono!!
- En ocasións (20-30%) diminuirá a súa agresividade competitiva cara a nós ou outras persoas
- A propagación de enfermidades como a leucemia ou a inmunodeficiencia felina baixa considerablemente.
- En definitiva, os animais castrados viven máis tempo, van menos ao veterinario, evitannos preocupacións e fannos gastar menos diñeiro.

Posibles inconvenientes da castración.

- Hai que plantexarse un desembolso económico máis ou menos importante para a cirurxía e contar cuns días de atencións e cuidados postoperatorios sobre todo nas femias
- Os animais castrados xeralmente (non sempre) tenden a comer máis. Non sofren o desasosiego que lles producen as épocas de celo co cal

ELISARDO BARCALA



“viven” máis relaxados e por tanto teñen tendencia a engordar. Se se dá este caso hai que poñer medidas asesorándose cun veterinario sobre a dieta para seguir, e tratar de que fagan máis exercicio.

- Algúns tumores poden ter maior incidencia en animais castrados debido á ausencia de regulación hormonal sobre o crecemento e malignización dalgunhas células que xerarían os estróxenos e a proxesterona. Non obstante isto non parece demasiado significativo.

- Incontinencia urinaria nas femias. As femias non castradas teñen menos posibilidades de sufrir incontinencia (a partir dos 7-8 anos de idade) sobretodo de razas grandes. Os machos non adoitan sufrir este problema. Tendo en contra todos estes factores, analizando cada situación particular e asesorándose cun profesional tomaremos a decisión correcta. Personalmente opino que xera máis beneficios que prexuízos pero hai que analizar cada caso por separado.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 85 81
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97

BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05

BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policía Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53

CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policía Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policía Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12

LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29

MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policía Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUIROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62

PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00

RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policía Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43

RIORTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00

VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12

VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51

VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policía Local:	982 56 29 22
Policía Nacional	982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI	060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01

XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: **112** | Incendios Forestais: **085**

Urxencias Sanitarias: **061** | Garda Civil: **062**

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Feira do Ferro de Riotorto seguirá esperando

A Asociación dos Ferreiros non poderá organizar un ano máis este festexo, un feito que terá consecuencias para o oficio

Por Claudia López

A pandemia está azoutando a tódolos sectores culturais e tradicionais deixando sen actos de promoción á artesanía galega. A Feira do Ferro que se celebra en Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un grande encontro que soe contar demostracións en vivo, música e mercado, pero non poderá organizarse tampouco este ano. Esta iniciativa da Asociación para a Promoción Social dos Ferreiros é un dos piares clave da súa economía, pero a situación sanitaria impoñese por riba de tódolos aspectos. O presidente da entidade e ferreiro de profesión, José Mario Cabo, explica que cando tomaron a decisión “non tivemos demasiada dificultade para decidirlo, xa vimos que novamente non se podía celebrar”. O feito de que non se organice de novo a feira “repercute para o pobo en xeral, porque ten moitísimo auxe, ven moita xente. Traballamos moitos meses para construír cada edición e non só para o pobo terá consecuencias económicas, senón tamén para a xente que vén a poñer os seus postos, igual se xuntan 160 e véndese moito. Vanse notar perdas graves”. Para os ferreiros da Asociación tamén repercutirá negativamente por outra parte, xa que “nós poñemos tamén os nosos produtos, pero á vez temos que facer as demostracións e ensinamos así o noso traballo, perdemos esa divulgación do oficio que é moi necesaria. A Feira do Ferro saíu de catro amigos que en 2006 comezamos a pensar en como promover a profesión. Supón

moitísimo traballo pero estou contento de facer ese esforzo”.

Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. “Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas”. O proceso manual que fan os ferreiros é moito máis laborioso e custoso, polo que se encontran cunha problemática, “existe un círculo vicioso no campo, a xente que demanda as ferramentas tamén ten problemas para vender a súa produción, como a leite ou os produtos de horta. É unha cadea, se eses prezos están baixos nos temos que baixalos para que poidan acceder ás ferramentas. Se non hai cartos móvese todo con dificultade. Se encontran un coitelo por dous euros cómprano, pero logo tamén ven que a calidade non é a mesma”. Esta complicada situación empeorou aínda máis coa pandemia, “eu levo uns meses parado por enfermidade, pero os meus colegas chámanme e cóntanme que non hai nada de traballo. Estamos notando moito a prohibición de desprazarse entre autonomías. Á Mariña viña moita xente de Asturias e de máis lugares a mercar ferramentas”, conta José María. As dificultades que está a vivir a profesión pon en tela de xuízo que “a tendencia é que dentro de uns anos isto acabárase porque penso que dentro duns anos haberá



Unha imaxe da feira do ano 2018, a penúltima que se celebrou e que contou cun gran éxito de público

poucos ferreiros ou incluso ningún. Necesitamos apoio económico, teríase que buscar a maneira de como sustentar o oficio para que continuara, porque se non resulta rendible, tes que pechar”. Polo momento por parte da Asociación non se poderán facer moitas promocións dada a situación, pero o seu presidente conta que Riotorto ten unha grande oportunidade para dalos a coñecer, “poderíamos ter repercusión mediante a Ruta dos Ferros, un paseo moi bonito pola veira do río que conta cun bosque autóctono que podería converterse nun atractivo para o pobo. Habería que melloralo e explotalo máis para que fose unha ruta de referencia que chamara a xente a vir a Riotorto e tamén a coñecer o noso oficio, pero agora mesmo iso tamén é complicado”.



José e Mario nunha demostración nunha feira

SERVICIOS:
CONSULTAS
RADIOLOGÍA DIGITAL
ECOGRAFÍAS
CIRURÍA GENERAL
TRAUMATOLOGÍA
ANALÍTICAS
VACUNACIONES
MICROCHIP
HOSPITALIZACIÓN



OCCIDENTE
CLINICA VETERINARIA

Visita nuestras nuevas instalaciones!



URGENCIAS 24 H.
Tel.: 982 130 366

Rúa Alza, 1 - 27700 RIBADEO Lugo - info@veterinariaoccidente.com